

HISTORIA DA PESCA EN GALICIA

(DAS ORIXES ATA O SÉCULO XVIII)

Rafael Vallejo Pousada

En memoria do meu pai, Rafael, que foi mariñeiro na ría de Pontevedra e polo mundo adiante.

O mar e a terra foron desde sempre os dous pés sobre os que camiñou a economía de Galicia. A vida dos seus homes e a das súas mulleres non se entende sen o vencello tan estreito entre esas dúas realidades. O pasado e o presente de Galicia non se comprenderán sen a obrigada referencia ao mar. Proba diso é o continuado labor de estudio que veñen motivando desde hai tempo no noso país as comunidades litorais e as actividades marítimo-pesqueiras, labor que se segue a prodigar na actualidade con análises históricas, antropolóxicas, sociolóxicas ou económicas, cada vez máis depuradas e especializadas. Pola contra, o que se bota en falta é unha visión de longo prazo da actividade pesqueira, posta en relación coa configuración e o desenvolvemento do conxunto da sociedade galega e da súa economía.

Así como o sector agrario é o gran referente que percorre de principio a fin as páxinas de calquera das máis recentes historias de Galicia, non sucede

o mesmo co sector pesqueiro. A alusión a este último agroma aquí e alá, en especial para aqueles os seus intres máis significativos, apoiándose nas diversas monografías existentes. A combinación das actividades extractivas, transformadoras e comerciais da pesca deron lugar ao fenómeno da repoboación litoral e do feito urbano, nas idades Media e Moderna. Tamén constituíron a base do pulo industrial que tivo lugar na ría de Vigo desde a década de 1880; o complexo de actividades marítimo-pesqueiras constituíu o motor da primeira –e modesta– revolución industrial de Galicia, no tránsito do século XIX ao XX. Estes fenómenos non lles pasaron desapercibidos aos especialistas. Non hai máis que achegarse ás competentes investigacións históricas de Elisa Ferreira, José Armas, Xan Carmona ou Jesús Giráldez –por citar só algúns nomes– para comprobalo. En calquera caso, bóta-se en falta a necesaria fiazón entre uns e outros episodios nas historias xerais de Galicia. Disto decateime cando fun invitado, en 1992, a elaborar unha síntese didáctica sobre a evolución da pesca no país galego desde as orixes ata a actualidade¹. Esa síntese non encheu, indubidablemente, ese

baleiro aludido; tampouco era esa a súa finalidade. A min foime útil porque me permitiu polo menos concluí-la necesidade de incorporar-la historia pesqueira galega á Historia integral de Galicia. Esta é unha das razóns que hoxe me animan a dar ao prelo aquel modesto traballo, convenientemente revisado para incorporar algunhas das contribucións máis recentes sobre a Galicia do mar².

A vocación deste traballo é, pois, aproximar unha visión, cando menos introductoria, sobre a pesca na Historia de Galicia, a través dun percorrido de longo prazo. O seu afán é meramente divulgativo. Que ninguén busque nestas páxinas unha aproximación profunda á historia pesqueira do noso país. Tampouco unha investigación de primeira man. O traballo apóiase na ampla –e, moitas veces, solvente– bibliografía dispoñible. Aínda que convén engadir, tamén hai algo do coñecemento directo que me proporciona o ter nacido nunha das significadas aldeas mariñeiras de Galicia, así como algunha que outra pescuda persoal sobre documentación orixinal.

Escrita inicialmente en 1992, como dixen, esta síntese non estaba pensada para ser publicada senón para informar, na parte histórica, unha exposición permanente sobre o medio litoral galego, tamén me animou a posible utilidade da síntese nos centros de ensino. Se logra esta función didáctica daríame por satisfeito, á vez que tería por mellor cumpridas as miñas débedas, ao menos afectivas, coas mulleres e cos homes do mar, cos que me criei.

ORIXE DAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DESDE O PALEOLÍTICO AO BRONCE

Galicia ten unha costa extensa: 1.676 dos 7.880 quilómetros que conforman o litoral español, isto é, unha quinta parte do total. As súas augas mariñas son, asemade, ricas e fecundas, e fórono posiblemente desde as orixes. Eses factores, unidos ao recortado perfil do noso litoral, que modela auténticos portos naturais, propiciaron o asentamento dos homes nas proximidades do mar. A base física do país preconfigurou, pois, a súa tradición marítima e a súa potencia pesqueira. A iso colaborou tamén o impulso dos mercados internos e externos. A pesca e os seus transformados eran un dos elementos materiais da subsistencia nos asentamentos humanos do litoral, pero tamén un dos compoñentes principais das relacións económicas deste, e mesmo de Galicia, co exterior. Como tales constituíron un factor explicativo da ocupación do territorio, do inzamento do proceso vilego e urba-

no desde a Idade Media, e da transformación urbana e industrial na contemporaneidade, como de seguido se comprobará.

A longa etapa que vai desde a chegada do home a Galicia –hai se cadra uns cen mil anos– ata a aparición da agricultura, caracterizouse social e economicamente por formas de vida baseadas na caza-recolección. Aqueles primixenios poboadores do Paleolítico, que practicaban un seminomadeo por paraxes físicas favorables, terían na caza a súa principal base material, complementada coa recollida de froitos silvestres e doutros produtos vexetais e animais. Asemade, desde estes primeiros momentos, nas inmediacións dos ríos e na zona costeira xa serían explotados os recursos fluviais e mariños, inicialmente dunha forma eventual (Paleolítico inferior e medio), e con posterioridade dun xeito máis intenso (Paleolítico superior e epipaleolítico).

Durante o Paleolítico superior, e debido á notable melloría climática que se produciu hai aproximadamente uns dez mil anos, os ríos e a costa serían uns contornos ecolóxicos privilexiados. Así o demostraría unha ampla serie de xacementos localizados no sudoeste da provincia de Pontevedra. Nestes marcos naturais faríase, segundo Xosé Manuel Vázquez Varela, un aproveitamento dos recursos mariños.

Durante a fase da cultura mesolítica os poboadores do litoral galego dedicábanse ao marisqueo de crustáceos e moluscos de rocha, así como á pesca, que complementaban as actividades cazadoras-recolectoras da terra. A extracción dos recursos mariños foi agora unha actividade máis especializada, tal e como se desprende da existencia dunha serie de lugares de asentamento costeiros comprendidos entre A Guarda e Baiona.

Co Neolítico irrompeu a agricultura. A economía sufriu importantes transformacións. Os homes e as mulleres pasaron progresivamente de depredadores e recolectores a produtores de alimentos, en torno ao V milenio a. de C. As actividades productivas fixéronse máis complexas. Os intercambios comerciais serían agora de máis longa distancia.

Na Galicia neolítica (a da *cultura megalítica*), que conta cun poboamento disperso, localizado en terreos aptos para o pastoreo e a actividade agraria, desenvolveríase xunto á agricultura, dotada de técnicas aínda arcaicas de abondo, a gandería e a caza. Nas zonas costeiras seguiríanse a recolle-los recursos mariños. Segundo Vázquez Varela (1998),

é no illote de Guidoiros Areoso, na entrada da ría de Arousa, onde témo-lo documento máis antigo sobre a explotación de recursos mariños de Galicia. Trátase dun cuncheiro no que se reflicte o marisqueo de especies extraídas do contorno. Como consecuencia, o *cultivo* da terra e a *extracción* dos froitos do mar foron desde entón unha realidade complementaria; Galicia posuía os dous pés fundamentais sobre os que camiñará a súa economía ao longo de moitos séculos.

No mar, os útiles de traballo fixéronse máis sofisticados. Para o Bronce temos indicios do uso das redes, feitas de fíos de fibra vexetal, tanto para a pesca coma para a caza. Tamén se utilizarían embarcacións, que se construírían de mimbres e coiros, aínda que os testemuños dispoñibles son excesivamente fráxiles para formular, neste caso, aseveracións concluíntes. Habería, así mesmo, contactos de navegantes do Mediterráneo co litoral galego, como ten explicado Antonio de la Peña (1999). Estas viaxes produciríanse desde o segundo milenio antes de Cristo. Un testemuño neste sentido teríamolo no petroglifo da Auga dos Cervos, en Oia (ao sur de Vigo), no que aparece gravada unha embarcación de tipo mediterráneo.

A PESCA NA ÉPOCA DOS CASTROS E NA GALLAECIA ROMANA

A partir de finais da Idade do Bronce e na Idade de Ferro desenvolveuse en Galicia a cultura castrexa. Desde os séculos VIII-VII antes de Cristo empezaron a construírse uns tipos peculiares de asentamentos: os castros. A aparición dos castros é un reflexo da sedentarización da poboación; segundo Antonio de la Peña, os castros serían a expresión do paso do campamento á aldea.

O castro era –como é sabido– un poboado fortificado, de forma xeralmente circular, situado en lugares de fácil defensa, coma outeiros, penínsulas ou outros accidentes semellantes do terreo. Ao longo do litoral atlántico e cantábrico galego encontramos numerosos vestixios deste tipo de asentamentos; sirvan como exemplo o castro de Baroña, no Porto do Son, ou os castros Grande e Pequeno do Neixón, entre Rianxo e Boiro, o da Lanzada en Noalla, o da Suvidá en Mogor, perto de Marín, o de Donón, na península do Morrazo, o das illas Cíes, o da Peneda en Redondela, o de Santa Tegra, na Guarda, e mesmo o Castro de Vigo.

A economía dos habitantes dos castros era diversificada. Tiña unhas bases agrícola e gandeira, pero

tamén se extraían importantes riquezas das minas e se mantiñan intercambios comerciais de diferente alcance. Así mesmo, sabemos –a través dos restos arqueolóxicos dos castros costeiros e da fauna recollida nos cuncheiros neles atopados– que se practicaba un intenso marisqueo nas zonas inmediatas a estes. Estaba orientado a procura-la alimentación propia e mesmo ao comercio, o que demostraría a importancia desta actividade nestas comunidades castrexas do litoral. As especies consumidas eran na súa maioría moluscos (lapas, mexillóns, ameixas, caramuxos, etc.). Aquel marisqueo practicouse a man ou con instrumentos sinxelos, tanto nas praias coma nas rochas da zona comprendida entre as mareas. Tamén se practicaba a pesca con anzós metálicos e redes, nas augas próximas á costa, empregando embarcacións ou desde terra firme. A presenza nos cuncheiros dalgúns dos castros –coma o das Hortas, nas Cíes– de especies peláxicas, como o xurelo e a xarda, revelaría esta maior entidade da actividade pesqueira. Os restos de artefactos relacionados con esta son, tamén, relativamente abundantes. Existen así mesmo testemuños literarios. Un epigrama do poeta hispanolatino Marcial fai referencia á práctica da pesca con redes, á súa abundancia e incluso alude ao bo tamaño dos salmonetes pescados en Galicia, o que demostra a súa importancia e gozaba esta actividade na Gallaecia do século I d. de C.

As embarcacións empregadas serían de coiro. Segundo nos conta Rufo Festo Avienus na súa *Ora marítima* (S. IV d. de C.), o navegante mediterráneo Himilcon (século IV a. de C.), na súa viaxe de circunnavegación polas costas galegas, observou que os seus habitantes non sabían “construí-las súas naves con madeira de *piñeiro*, nin de *abeto* (...), senón que, cousa digna de admiración, sempre construían as naves con peles cosidas, recorrendo con frecuencia, sobre tal coiro, o vasto mar”. Tamén Plinio fai referencia ao uso de embarcacións de coiro nas illas Casitérides no Atlántico. A pesca na costa, a existencia de poboados castrexos nas illas das rías (Cíes, Ons, Sálvora) e, posiblemente, as expedicións a outras fisterras atlánticas nestes barcos de peles poñen de manifesto, pois, a remota vocación mariñeira de Galicia. A vida nos castros non acabou coa chegada dos romanos. Por iso, os especialistas nestes períodos históricos adoitan diferenciar, a efectos expositivos, a cultura castrexa prerromana da dos castros galaico-romanos. Antonio de la Peña Santos (1999), nun rigoroso traballo sobre os primeiros

vestixios da cidade de Vigo e do seu contorno, interpreta que existiu un esplendor do mundo castrexo baixo o dominio romano, desde a segunda metade do século II a. de C. ata aproximadamente o século I d. de C., en que se foron deshabitando os castros con máis ou menos rapidez. Houbo, polo tanto, desde entón cambios no hábitat. A poboación tendeu a situarse nas chairas e nos vales fluviais, e mesmo na franxa litoral fóra dos poboados fortificados. Creouse, pois, unha paisaxe rural nova, e intensificáronse as prácticas agrarias. Esa intensificación viría, con todo, de antes. Coa romanización, o mundo castrexo entrou, iso si, nunha fase de notables transformacións. Os castros actuarían inicialmente como centros artelladores do territorio. A súa poboación medrou, ampliouse o número de vivendas dos antigos castros e reforzáronse os elementos defensivos destes núcleos de poboación. Os grupos directores destes espazos acrecentarían o seu status e o seu prestixio. Mesmo apareceron outros novos castros á beira das mellores terras de cultivo. A actividade agraria intensificouse e o comercio desenvolveuse, tanto o de longa distancia coma o de curto radio, tanto o de exportación coma o de importación. Este conxunto de cambios fan interpretar a Antonio de la Peña que estamos na etapa máis dinámica do desenvolvemento do mundo castrexo. O do Monte do Castro, en Vigo, sería un claro expoñente, pois apareceu a finais do século III a. de C. e tería a súa fase de máxima expansión precisamente entre os séculos I a. de C. e I d. de C.

Desde mediados do século I d. de C., e por efecto da mesma romanización do territorio galego, vaise producir un paseniño abandono do tipo de hábitat preexistente. Van aparecendo os “vici” (poboados) e, nos séculos III e IV d. de C., difundíuse o sistema de asentamento e explotación romano das *vilae* (vilas). As *vilae* eran explotacións agrarias de tipo estable, dirixidas por un gran propietario que posuía instrumentos de labranza desenvolvidos e abundante man de obra. Como consecuencia deste novo tipo de asentamentos, da xeneralización de certo utillaxe agrícola (muñños circulares, arados, legóns e outras ferramentas de ferro), e da introducción de novas especies, como puido ser o viño, a produción agraria incrementouse de modo apreciable durante a época romana.

Con todo, un dos obxectivos máis importante dos romanos no noroeste peninsular foi a explotación dos seus recursos naturais, e sobre todo as súas reservas metalíferas. Esta explotación será o espec-

to económico esencial da Galicia romana. Os romanos intensificaron a extracción do estaño, da prata e, en especial, do ouro, perfeccionando os métodos que aquí se viñan practicando desde o Bronce.

Coa romanización estruturouse, ademais, o territorio, e para iso dotouse ao noroeste dunha organización administrativa (os *conventus*). Un elemento fundamental desa organización foi o trazado dunha rede viaria: as calzadas. Estas vías facilitaron os intercambios comerciais e uniron os tres núcleos urbanos principais da Gallaecia romana (Braga, Astorga, Lugo), e a estes cos portos do litoral (Tui, Vigo, Redondela, Pontevedra, Padrón, Betanzos, A Coruña), preexistentes nuns casos, mellorados noutros ou mesmo creados no século I d. de C. De calquera maneira, todos eles en fase expansiva. A rede viaria influíu, pois, na intensificación dos intercambios locais e rexionais. O seu trazado debeu de contribuír a amortiguar as diferencias entre a costa e o interior que se observaban na época prerromana. Isto favoreceu a aparición de novos centros comerciais e, probablemente, estimulou unha produción superior á do autoconsumo naquelas zonas polas que pasou a referida trama viaria.

Co afirmado non se quere dicir que existise unha economía con predominio da produción para o intercambio. No poboamento indíxena abundan pequenas comunidades rurais dispersas, cunha economía baseada na subsistencia, na que o autoabastecemento estaría á orde do día. Pero obsérvase unha certa especialización, que implica de por si a existencia de circuitos específicos de intercambio. Polo tanto, a sociedade e a economía da Galicia romana presentaban unha fasquía diversificada. O que predominaban eran as actividades primarias. Pero, á beira destas, os testemuños materiais e as fontes documentais revelan a existencia de actividades transformadoras de materias primas agrarias (coiros, textís) ou pesqueiras (salgazóns). Tamén se aprecia unha importante actividade comercial, tanto interior coma exterior, e tanto de recursos naturais primarios –nos que a Gallaecia romana é rica–, coma dalgúns daqueles transformados que se citaron.

A Galicia romana camiñaba así economicamente sobre aqueles pés que vemos desenvolverse polos séculos medievais e modernos ata a contemporaneidade. Cunha peculiaridade, que é a de aparecer vencellada co tráfico mercantil romano de longo radio, que enlaza as costas mediterráneas coa

costa atlántica (o oeste das Galias e as Illas británicas). A Gallaecia romanizada queda inserida naquela particular –e primixenia– mundialización económica protagonizada polo imperio romano.

O feito é que, en efecto, na Galicia romana, se constataba un significativo tránsito comercial e unha clara preferencia polo emprego do transporte naval, especialmente na distribución dos materiais de importación. A configuración costeira, con amplos e recortados contornos, con abrigos, augas tranquilas e numerosos fondadeiros, foron a base física ou xeográfica que facilitou este tráfico; tamen o favoreceu a dotación de instalacións portuarias. Estas últimas facilitaron a navegación de altura, que colleu certa regularidade nesta época romana. As numerosas ánforas recollidas no fondo das rías dan testemuño desta. Así, nos portos da Coruña, Betanzos, Padrón, Vigo, etc., saían e entraban mercadorías que logo eran conducidas ao interior polas calzadas e polos ríos, pois estes últimos desempeñaron un papel salientable nas comunicacións e no transporte alí onde non había vias terrestres adecuados.

Entre os produtos suxeitos ao comercio de importación estaban as cerámicas, o aceite e, sobre todo, o viño, mentres que no de exportación salientan os minerais xa fundidos en lingotes, os produtos do mar e certos bens manufacturados, elaborados con materias primas procedentes do sector primario. Entre eles tópanse as peles, o coiro e algunhas fibras textís. A súa elaboración autóctona está confirmada por frecuentes elementos de fiado e tecido que aparecen nos poboados, en tanto que algunhas fontes documentais (por exemplo os textos de Plinio) falan da súa comercialización.

A actividade pesqueira adquiriu unha nova dimensión co comercio marítimo. Nos castros e nas vilas do litoral practicábase unha industria artesanal, ao parecer de nova aparición, coma a da salgadura de peixe, parte de cuxa produción se destinaría ao mercado exterior. Esta industria da salgadura, que tiña longa tradición no sur peninsular, estendeuse na época romana pola costa atlántica. No contorno dos estuarios dos ríos Sado e Tejo concentráronse importantes factorías. Estas fixeron de ponte para aproximar o noroeste peninsular á área básica destas producións. En Galicia está atestiguada a súa existencia na costa atlántica, e menos na costa cantábrica, segundo teñen explicado Juan Naveiro (1991) e Naveiro López e Pérez Losada (1992). Aquí encontráronse piletas de salgadura de distintos tipos constructivos, cadradas ou rectangu-

lares, que poden estar escavadas directamente nas rochas, ou estaren formadas por muros de manpostería impermeabilizados. Este último é o tipo máis característico, e del atopáronse restos nas Rías Baixas (Nerga –no Morrazo–, Vilagarcía ou Adro Vello –no Grove–), no Golfo Ártabro (Cariño) e no Cantábrico (Bares e Espasante). No caso de Vigo, a aparición de instalacións destinadas á salgadura, así como de diversos peiraos no litoral da actual cidade, certifican unha longa vocación marítima vencellada aos transformados da pesca. Nesta explotación, transformación e comercialización de produtos marítimos-pesqueiros tiveron un protagonismo excepcional as “villae”. Estas eran esas novas unidades de explotación do territorio, que, no litoral, combinarían actividades agropecuarias e industriais vencelladas á pesca. En Vigo está documentada a existencia de varias destas factorías de salgadura. Entre elas podemos citar a vila de Toralla, ou a da praia do Cocho, ou a do Fiunchal, en Alcabre, ou as instalacións da zona do Areal, investigadas, entre outros, por Álvarez Blázquez, Hidalgo Cuñarro, Pérez Losada, Costas Goberna ou Castro Carrera.

A sardiña salgada tería mercados no exterior pero tamen no interior de Galicia. O mesmo lle sucedería a algúns mariscos, coma as ostras. Na vila de Lugo e na de Rodeiro (no interior de Pontevedra, preto de Lalín) atopáronse cunchas de ostra, que revelan a existencia dun consumo deste produto máis alá da costa, desde onde sairía a través da rede de camiños entón existentes. Tamén estes e outros testemuños dispoñibles poñen de manifesto unha intensificación da actividade pesqueira na época romana. Como ten explicado Vázquez Varela (1998), aumentou o número de especies capturadas, tanto das da zona intermareal coma especies de fondo, e hai unha maior complexidade na explotación do mar. Usáronse redes de certo tamaño, tanto de arrastre como de cerco, e os barcos deberon facerse máis grandes. Ademais, a pesca e os seus derivados aumentaron, indubidablemente, o seu peso na economía xeral. A existencia de infraestructuras portuarias e dunha rede de comercialización dos produtos pesqueiros serían algunhas das probas máis eloquentes.

Sobre a Galicia sueva, da que se sabe menos, existen indicios dun certo tráfico mercantil marítimo, asociado á que parece certa reactivación do comercio nos mares do Norte. Os achados en Suecia e Inglaterra de moedas suevas e visigóticas de

cuño galego revelan este contacto marítimo, ben derivado das incursións deses pobos ou dunha actividade mercantil que, se non intensa, pode que tivese unha certa regularidade.

DA IDADE MEDIA AO SÉCULO XVIII: ORGANIZACIÓN GREMIAL DA PESCA

Urbanización do litoral

O achado (a *inventio*) do corpo do apóstolo Santiago no século IX (ao redor de 820 ou 830) insiriu a Galicia no occidente europeo. A chegada de peregrinos –de certo rango social– empézase a documentar para mediados do século X. Entre tanto fórase fraguando unha ruta que, nas décadas centrais do século XI, empezará a ser concibida como Camiño de Santiago. Compostela relaciónase neses intres con Tours, Limoges e Le Puy, estacións dese Camiño en Francia. A mediados do século XII o Códice Calixtino fai unha descrición da ruta: o culto xacobeo acadara unha indubidable madurez. Proxecta a Galicia no exterior; contribúe, tamén, a articulala cara ó interior. A cidade de Santiago constitúese en centro relixioso e comercial; vertebrou, en torno ao Camiño, un dos eixes de desenvolvemento do feito urbano medieval. Repoboación rural e xurdimento dos asentamentos urbanos foron, precisamente, dous fenómenos identificativos da Alta Idade Media.

En efecto, nos séculos IX e X tivo lugar a primeira manifestación da repoboación de Galicia. No rural, as *vilas* (aldeas) foron o elemento básico do asentamento da poboación, con casas e terras dedicadas ao cultivo. O hábitat era concentrado, cunha heteroxénea rede de aldeas distribuídas polo medio rural. No século X xurdiron núcleos de menor rango no ámbito destas *vilas*, para dar resposta a unha maior ocupación do espazo. Eran os *vilares* e os *casais*, tan difundidos pola toponimia galega. Son manifestación dun proceso de asentamento (sedenterización) da agricultura que viña da época romana e continúa na Galicia sueva e visigoda e na Galicia altomedieval. A economía tiña, nestes intres, unha base agraria, e a propiedade da terra xerarquizaba a sociedade.

Desaparecida a monarquía visigoda, abandonada a rexión polos musulmáns, a Gallaecia romana acabou quedando baixo o influxo do reino astur. Monarquía, Igrexa (bispados, parroquias, impulso monástico), aristocracia e campesiñado (proprietario libre, campesiño dependente ou servo) organizan e conforman socialmente o territorio galego. Este espazo será notablemente afectado polo arte-

llamento –definitivo– do poder feudal nos séculos XI e XII, segundo teñen explicado María do Carme Pallares e Ermelindo Portela. Tamén será a principios do século XII cando o Reino de Galicia, perdida a súa independencia, quede reducido aos límites actuais, integrado na Coroa de Castela e León, co Miño como liña fronteiriza do, desde 1143, reino independente de Portugal. As expresións daquel novo ordenamento territorial dos ámbitos de poder serán os coutos xurisdiccionais, os distritos urbanos e os territorios e vilas de dependencia real (o realengo). Na base desa organización do espazo atópase un proceso de expansión demográfica e económica, visible a fins do século XI.

No século XI e nas primeiras décadas do XII o Reino de Galicia experimentou un proceso de aceleración histórica. Santiago de Compostela configurará un extenso ámbito de influencia, baixo o señorío do seu arcebispo: a Terra de Santiago. As ordes monásticas novas (os Bieitos e, sobre todo, os Bernardos) ocuparon o territorio rural e organizarán social e economicamente. A nobreza concentrou e acrecentou o seu patrimonio. Os reis buscaron –máis ben infructuosamente– estende-lo seu dominio, avanzando coa fundación de vilas –intensa no século XII– e retrocedendo, máis tarde, coas concesións feitas aos señoríos (laicos ou eclesiásticos). Os campesiños e os mariñeiros acabaron constituíndo unha poboación dependente; compartirán a propiedade cos señores e producirán renda, que se canalizará cara ós bispos, abades, nobres ou El-Rei: foros, prestacións decimais e unha diversa mancha de tributos foron os instrumentos de extracción do excedente das clases populares. O fenómeno urbano inzou, en base ás fundacións de vilas: o Camiño de Santiago, as cidades episcopais e o litoral de Galicia foron os marcos desa expansión vilega. No século XIII a paisaxe rural terá conformados os rasgos esenciais que perduraron ata hai ben pouco, en tanto que a principios do XIV estará asentada a fisonomía do hábitat costeiro que chega ata os nosos días. Pero vaíamos por partes.

A agricultura e a poboación experimentaron un desenvolvemento notable nos séculos XII e XIII. O espazo cultivado ampliouse, a actividade agrícola intensificouse, gracias a unha serie de melloras técnicas (no estercado, no arado). Tamén houbo unha diversificación da produción e dos cultivos (cereais, castañas, árbores froiteiras e viñas) en equilibrio cos recursos forestais e gandeiros (caba-

los, ovellas, porcos, aves de corral e, fundamentalmente, vacas), e o produto agrario tivo un carácter excedentario. A este momento corresponde, precisamente, a extensión do viñado nas cuncas do Miño e o Sil, do Avia e o Arnoia, nas comarcas meridionais do Baixo Miño, e incluso en áreas do norte (Betanzos, Viveiro, Ribadeo). Galicia producía máis viño do que consumía, e o excedente era comercializado cara ó interior e cara ó exterior, a través dos portos do litoral. O noso país integrouse nos circuitos comerciais da Europa atlántica, aproveitando o contexto do espertar do Atlántico norte, no tránsito do século XII ao XIII.

A expansión económica de base agrícola, o crecemento da poboación e a reactivación do comercio propiciaron o desenvolvemento urbano. O século XII foi claramente o do renacemento e, no seu caso, xurdimento, dunha longa serie de núcleos vilegos. Un eixe de urbanización será, desde o século XI, a cidade de Compostela e o Camiño de Santiago cara a ela: Arzúa, Melide e Portomarín naceron deste modo; a ruta xacobeá foi, pois, a primeira en manifestar este espertar urbanizador. En segundo lugar, nas décadas centrais de século XII as restantes ses episcopais de Galicia adquiriron rasgos urbanos; concedéronlles cartas de poboación ou fueros, creáronse coutos en torno delas baixo a xurisdicción dos bispos, e desenvolveron funcións típicamente urbanas, como centros de mercado local e coa aparición de feiras a data fixa. Un terceiro eixe de urbanización constituíuno o litoral; o máis importante en canto á súa dimensión foi tamén o máis trascendente porque, a través dalgúns deses núcleos urbanos costeiros conectouse a economía galega co exterior, permitindo unha puxanza en boa parte dos casos ata o último tercio do século XVI. Os produtos do mar compartiron con algúns agrarios protagonismo nese comercio exterior.

Esa creación ou recreación de vilas costeiras tivo lugar a través dun proceso repoboador, concretado na concesión de “cartas puebla” e fueros con certos privilexios. A finalidade era económica. Nel participaron os reis e os bispos de Santiago, con intereses non sempre coincidentes. Tratábase de canalizar a riqueza que xeraban estes centros pesqueiros e de comercio.

No século XI foron os bispos de Santiago os interesados en crearen condicións de certa estabilidade para o fluxo de peregrinos e mercancías que chegaban aos portos de Faro (A Coruña) e de Padrón; as medidas de Xelmírez para poñer freo,

a principios do século XII, ás incursións normandas e sarracenas foron eficaces neste sentido. No século XII foron os reis os que lideraron o movemento repoboador, inicialmente na área de influxo de Compostela. Na década de 1160 fundáronse Noia e Pontevedra, que pasaron pouco despois a poder do arcebispo compostelán. En 1171 concedéronlle fueros a Tui. Na seguinte década o interese volcouse cara ós portos cantábricos, dando lugar ás cartas fundacionais de Ribadeo e Viveiro. No 1201 fundouse Baiona cun fin claramente mercantil, e polas mesmas datas A Guarda. Tamén destes primeiros anos do XIII é o interese por reforzar a dinámica vila da Coruña e a fundación de Betanzos, en 1219. O proceso repoboador continuou nas décadas seguintes, sobre todo coincidindo cos reinados de Alfonso X e Sancho IV: Ortigueira (1255), Cedeira, Muros (logo cedido ao arcebispado de Santiago), Pontedeume (1270), Ferrol e Neda inclúense nesta xeira; tratábase de apuntalar a presenza rexia nun litoral dominado polo influxo do señorío eclesiástico (arcebispal ou monástico). Deste xeito, a fins do XIII e principios do XIV está definido o poboamento da Galicia litoral.

Entre 1230 e 1380 tivo lugar un proceso de crecemento desas vilas litorais galegas, en tanto que entre 1380 e 1520, aproximadamente, son anos de plenitude, como ben explicou Elisa Ferreira (1988), unha plenitude que se estendeu, nesas cidades costeiras, ata fins do século XVI. Un rasgo que caracterizou este longo período foi a entrada de Galicia nos circuitos comerciais, atlánticos e mediterráneos; pesca, salgadura e comercio son as tres vertentes que personalizan esta fase da Galicia marítima; a exportación de peixe salgado será, sen dúbida, o seu signo máis distintivo a partir de 1380. Galicia, incluída na Coroa de Castela, participará do movemento de ordenación e potenciación da súa vida marítima, e da súa proxección cantábrica e atlántica. Tamén experimentará efectos derivados do avance da reconquista e da repoboación cara ó sur peninsular. Esta ampliación xeográfica significou a apertura do tráfico comercial galego a novos mercados e produtos. Un renovado impulso produxose co descubrimento de América e a chegada ao país do tesouro americano. Esa inxección económica animou o comercio e atraeu a comerciantes estranxeiros. Nas vilas costeiras galegas (Baiona, Ribadeo, etc.) apareceron mercaderes ingleses, ao tempo que a presenza galega no Mediterráneo perdía importancia relativa.

No primeiro dos períodos citados (1230-1380) puxéronse os alicerces para a expansión posterior e tiveron lugar algúns procesos que van sentar as bases do funcionamento do medio litoral nas centurias seguintes, ata o século XVIII. En primeiro lugar, os monarcas de Castela dotaron as vilas de franquicias, privilexios, certas liberdades, así como determinadas rebaixas ou privilexios fiscais, tanto aos mariñeiros coma aos mercaderes, a través de fueros novos ou renovados. Por medio deles, aqueles monarcas querían vigorizar a vida local, de aí que puxesen o acento nas cuestións económicas. Ao tempo, tamén perseguían fortalecer o poder real. Proba diso é que, paralelamente, os reis organizaron a actividade comercial, fixando uns portos de “carga e descarga”, e estableceron un réxime fiscal (aduanas) para gravar os fluxos de mercadorías: as “gabelas” e os “décimos de mar” xurdiron neste período. As Cortes de Jerez de 1268, en tempos de Alfonso X, foron decisivas neste sentido. Do Reino de Galicia foron autorizados para a *carga e descarga* os portos de Ribadeo, Viveiro, Betanzos, Ortigueira, Cedeira, Ferrol, Baiona e A Guarda. Tamén fixeron os reis unha política de protección a eses portos de realengo, para potencia-los fronte aos dos señores, nun sentido económico e estratéxico. O porto da Coruña foi especialmente beneficiado por esa política, mesmo fronte ao de Betanzos. Este último mantivo unha tensa e –ao fin– desigual confrontación coa Coruña, pois os seus dereitos de *carga e descarga* quedaron supeditados aos da cidade herculina.

Agora ben, a protección rexia e o afán dos monarcas por incrementar a súa presenza no territorio non evitaron o desenvolvemento dos portos baixo a xurisdicción eclesiástica. Este é o segundo rasgo importante deste período. Neste ámbito produciuse un dobre proceso. Primeiro un labor de organización das actividades pesqueira e mercantil por parte dos señores, a través dun ordenamento específico; os fins eran os de fomentar o seu crecemento e canalizar as rendas derivadas desas actividades. Na Terra de Santiago, esta ordenación consévese para Pontevedra, Noia, Padrón ou Muros, porto este último incorporado ao dominio do arcebispo compostelán en 1299 por doazón real. Nesta doazón de Muros non estamos ante un caso illado. En efecto, o segundo proceso caracterizador desta etapa –culminado con Enrique II– foi o transvase de portos reais ao dominio señorial, fundamentalmente ao arcebispo de Santiago. A

fins do século XIV só quedaban tres portos en exclusividade para o realengo: Viveiro, A Coruña e Baiona. O crítico e inestable século XIV fechábase cun aumento da influencia señorial sobre os núcleos urbanos.

Esas doazóns conlevaron o traspaso ou a compartimentación de rendas entre a Coroa e os señores, particularmente de tributos percibidos polo tráfico comercial portuario (décimos, renda dos alfólís, etc.). Un dos seus efectos máis salientables é que, a mediados do século XIV, o arcebispo de Santiago ostentaba o señorío de boa parte dos portos das Rías Baixas. O auxe destes, asociado á exportación de salgaduras, constituirá deste xeito unha fonte de ingresos, que acrecentará a súa importancia coa explosión da actividade de salgadura a partir de 1380.

Agora ben, os bispos non estiveron sós no control último da pesca e do comercio litoral. Os titulares de señoríos monásticos e laicos (beneficiados igualmente da señorialización de portos nas décadas centrais do século XIII) tamén desexaban participar no ciclo expansivo e nas rendas do mar. Os abades, beneditinos ou cistercienses estiveron interesados en incluír nos seus coutos portos pesqueiros, ben recibidos de doazóns ou promovidos por propia iniciativa repoboadora. O beneditino de Poio, por exemplo, recibiu, en 1105, o porto de Combarro por doazón da raíña Urraca e o conde don Raimundo; o cisterciense da Armenteira tivo saída á ría de Pontevedra en Raxó, e outro tanto sucedeu co de Oseira, titular do priorato de Marín. O mosteiro de Sobrado, pola súa banda, participou da “diezma de la Ballenación” do porto de Priorio, e o de Oia, ao sur da ría de Vigo, obtivo autorización real para crear, en 1286, o seu porto propio. Á súa vez, o cenobio ourensán de Melón tivo un porto en propiedade (*O chano dos Pelames*) e percibía rendas en peixe dos mariñeiros de Vigo. Os foros da terra pagados en produtos agrícolas e especies mariñas (polbo, pescada, congro, etc.) e os décimos das colleitas e do mar foron as rendas perseguidas neste ocupación señorial do litoral. Así se constata nas aldeas da ría de Pontevedra dependentes de Oseira ou dos beneditinos de Poio, ou nas rías de Ribadeo e Ortigueira, ata as que o mosteiro cisterciense de Meira (Lugo) estendía o seu patrimonio, percibindo sardiñas, pescadas e congros dos foros do lugar.

Estas e outras aldeas completaban o poboamento do litoral como portos pesqueiros secundarios inseridos nunha xerarquía portuaria ao fronte da

que estaban as vilas privilexiadas de fundación real: A Coruña no golfo Ártabro, Muros e Noia, na ría do mesmo nome, Pontevedra, na súa, foron exemplos destacados; nun caso semellante está a vila arcebispal de Padrón, que posuía unha posición privilexiada na costa norte da ría de Arousa, ata a punta de Aguiño. As ordenanzas dos gremios dos homes de mar (*mareantes*) destas vilas reflicirán esa xerarquía. Nelas fixébase unha posición privilexiada na comercialización da pesca, nos dereitos de salgadura, na execución de actividades artesanais complementarias da pesca, e na regulación de tódolos aspectos da actividade extractiva (redes permitidas, postas, vedas, etc.).

A organización gremial viña se-lo último eslabón dunha relación privilexiada entre os señores do mar e os mariñeiros (mareantes ou pescadores) das vilas principais das rías: unha condición necesaria para explotar recursos nunha economía intervida, articulada en torno a unha especial distribución do produto do mar, en cuxa cúspide estaban os señores (arcebispos ou abades). Esa orde, en todo caso, non foi estable, pois a historia das rías está chea de conflitos: entre os propios mariñeiros desa xerarquía de portos pesqueiros; entre os señores e os mariñeiros; entre, en fin, os señores titulares deses portos. Dentro dunha casuística diversa, tres ou catro foron os motivos centrais dos litixios: 1), os límites xeográficos da actividade extractiva; 2), a salgadura do peixe; e 3), a comercialización da pesca e a distribución feudal do seu produto: isto é, o lugar por onde se había de vender e, no seu caso, comercializar o peixe, ou o porto onde habían de decimar os mariñeiros.

Un terceiro rasgo do período 1230-1380 foi o despegue da construción naval; a fins do século XIII barcos construídos en Galicia, realizaban tarefas de transporte no estranxeiro. Eran barcos fletados por mercaderes galegos, que nestes anos entraron en contacto co comercio internacional: primeiro con viaxes mercantís a Inglaterra e Flandes; algo máis tarde, a fins do século XIV, ás augas do Mediterráneo, cargados de mercadorías dentro das que sobresaíron o viño e a sardiña salgada.

Desde mediados do século XIV a actividade comercial co exterior entrou nunha fase de plenitude, como xa explicou Elisa Ferreira (1988). Ese ciclo durou, para as principais vilas galegas do litoral, ata aproximadamente finais do século XVI. Houbo varios factores explicativos da puxanza mercantil. Un foi a propia dinámica expansiva do

comercio internacional, da que participou a Coroa de Castela; outro estivo no avance e consolidación da Reconquista. En terceiro lugar encontrámo-la apertura dun mercado inesperado para os viños galegos en Inglaterra e Flandes, por efecto da crise demográfica provocada pola peste negra de 1348. Ante a caída da produción en Francia, o viño de diversas comarcas de Galicia tivo unha forte demanda nas décadas centrais do século XIV nos mercados antes citados, saíndo a través dos portos da Coruña, Ribadeo ou Viveiro; o ciclo de fame, peste e guerra destes anos non impediu, polo que parece, que certas forzas dinámicas se desenvolvesen na sociedade galega e se manifestasen abertamente cara a fins do século. Un cuarto factor explicativo desa puxanza mercantil foi a disposición, a partir da década de 1380, de cantidades inxentes de sal. O sal era indispensable para a gandería, os curtidos e, sobre todo, a conservación do peixe. En Galicia era un ben escaso: só no Salnés se localizaron, historicamente, salinas de certa entidade. A masiva produción que nesta época van proporcionar as salinas de Breña ou de Aveiro e Setúbal, en Portugal, acabarán con esa restrición. A existencia de barcos e mercaderes autóctonos, de mercados e do sal están na base, pois, deses anos dourados para a Galicia exportadora do litoral. Convén subliñar, por último, o papel dinamizador xogado, desde os primeiros anos do século XVI, polo descubrimento de América, ao que xa antes aludimos. Máis recursos monetarios, un mercado ampliado polos territorios e porque aumentan a poboación, foron a curto e medio prazo factores de expansión económica.

Na Galicia da época debúxanse tres grandes fluxos mercantís: 1), os que xunguen o medio rural co urbano, cun gran centro director que é Santiago de Compostela (os camiños cara a Santiago artellaban, en certo modo, a vida galega); 2), os que enlazaban o Reino de Galicia coa Meseta, a través de Ourense e de Puebla de Sanabria (en Zamora) ou do Camiño Francés, vía O Cebreiro, Ponferrada e León; e 3), os que, en fin, engarzaban Galicia co exterior, a través dos portos co privilexio de *carga e descarga* do litoral. No século XV o porto de máis importancia será A Coruña; no XVI ese lugar foi ocupado por Pontevedra, importancia que queda reflectida no número de habitantes da vila, entón a máis poboada do Reino de Galicia.

Esa apertura ao exterior non significa, en absoluto, que esteamos ante unha economía plenamente

mercantilizada. Pero, en todo caso, non é irrelevante o dinamismo que, para determinadas vilas costeiras, se deriva do comercio co exterior, baseado sobre todo nos dous produtos estrela da época: o viño e a sardiña. Como explicou Pegerto Saavedra (1991), a poboación urbana da Galicia do século XVI tiña un peso relativo maior có que terá en 1750. Dentro dela, destacaba a entidade da Galicia urbana marítimo-pesqueira: en 1571 os habitantes destas vilas litorais representaban as tres cuartas parte do total dos quince burgos máis grandes do noso país (Cadro 1).

CADRO 1
POBOACIÓN URBANA DE GALICIA EN 1571
(NÚMERO DE VECIÑOS)

Litoral		Interior	
Pontevedra.....	1.800	Santiago.....	1.100
A Coruña.....	1.000	Ourense.....	500
Baiona.....	800	Lugo.....	400
Betanzos.....	750	Monforte.....	300
Vigo.....	700	Mondoñedo.....	300
Muros.....	600		
Noia.....	500		
Tui.....	500		
Viveiro.....	500		
Redondela.....	405		
Total.....	7.555		2.600

FONTE: Saavedra (1991, p. 476). Elaboración propia³.

O comercio e a pesca explican este dinamismo diferencial. Pesca, salgadura e comercio marítimo foron, pois, motores da puxanza dos *burgos* costeiros desde o século XII ata fins do XVI. Desde ese intre, no transcurso da borrascosa centuria do XVII, entraron en franco declive. Un declive que veu de fóra adentro, ao igual que viñera o ciclo expansivo. A Galicia vencellada co exterior non foi allea á crise múltiple que experimentaron os diversos territorios da monarquía hispana no século XVII. Foi, en efecto, o estrangulamento dos fluxos do dinámico comercio exterior de Galicia un factor decisivo da decadencia das urbes galegas costeiras. Non é casual que nos séculos XVII e XVIII medren os núcleos urbanos interiores, sede de rendistas e artesáns vencellados co consumo rural, como Santiago, Lugo ou Mondoñedo, en tanto declinan as vilas do litoral, ou as relacionadas coa economía vitícola (Ourense, Verín,...), tamén en crise. É significativo así que medren demograficamente as aldeas costei-

ras, ao calor da revolución agraria provocada polo millo, integrado na agricultura costeira desde a década de 1630. Así, a economía galega fíxose, neses anos, máis introvertida. E os principais focos urbanos apagados pola introversión foron os luminosos portos de *carga e descarga* que viamos agromar desde a segunda metade do século XII. Todo fai indicar que non van ser eles, diminuídos demograficamente, os que protagonicen esa longa tendencia secular ao desequilibrio demográfico en Galicia a favor do litoral, iniciado coa revolución do millo. O protagonismo hai que buscalo nos portos pequenos menores ata entón, e nas aldeas próximas ao mar, que participaban da economía mixta, agromariñeira, que os caracteriza aínda hoxe. Foron eles os que alimentaron o comercio de menor radio e os que protagonizaron a dinámica vital do período, a diferenza do que sucedera entre o século XII e fins do XVI (ou, como moito, os primeiros anos do XVII).

Comercio marítimo

Os portos con dereito de *carga e descarga* chegaron a catorce na Galicia medieval. De norte a sur: Ribadeo, Viveiro, Ortigueira, Cedeira, Ferrol, Betanzos, A Coruña, Muros, Noia, Padrón, Pontevedra, Baiona, Tui, A Guarda. Neles as actividades eran diversas. Por suposto estaba a pesca, a exportación de peixe, o transporte efectuado por mercaderes que fletaban naves para trasladar mercadorías doutros ou propias, e, en fin, o comercio en xeral. Tampouco faltaron as actividades transformadoras vencelladas á pesca. Entre esas actividades topábase, en primeiro lugar, a construción naval, como a que se comproba na cidade de Pontevedra: carpinteiros de ribeira e calafates serán oficios frecuentes en boa parte destas vilas. A riqueza forestal dos montes próximos servía de base á fabricación de barcos. A abundancia de madeira tamén permitirá a elaboración de tonelería. Os recipientes de madeira eran fundamentais para o transporte do viño e a preparación e comercio do peixe salgado, pola súa versatilidade para os desprazamentos a longas distancias. En 1561, por exemplo, había en Pontevedra vinte e catro toneleiros, aos que só superaban en número, dentro das profesións artesanais, os zapateiros (31) e os ferreiros (25); en Vigo eran nove, en 1639, os toneleiros existentes. Outra das actividades manufactureiras era a da salgadura, sen dúbida a máis importante. O que suce-

día é que se trataba dunha práctica case que indiferenciada da pesca; de aí que sexa difícil atopar profesionais dedicados en exclusividade a esta faena. Quen, probablemente, mellor simboliza esta simbiose quizais sexa o topónimo *Moureira*, que orixinalmente puido ser *Moireira*. Tal era a denominación do importante barrio de Pontevedra onde habitaban os mariñeiros e os que se dedicaban a salgaren peixe nesta vila: a *moira* ou *salmoira* era a auga saturada co sal para conservar a sardiña. A salgadura, ao igual que o afumado ou secado do peixe, era na Idade Media e en boa parte da Moderna unha manufactura doméstica. Nas vilas con dereito para salgar, moitos mareantes tiñan unha dependencia, ben nos baixos das casas ou sotos ou ben fóra delas, cos instrumentos para a salgadura (lagares, magueiros, pías de salgar). En Muros, Baiona, Pontevedra e A Coruña –precisamente no barrio chamado da Pescadería– sucedía deste modo. Tamén nos portos secundarios, coma o de Combarro, na ría de Pontevedra, se daba esta práctica; alí, nos anos trinta do século XV xa se producía unha certa actividade de salgadura, da que aínda quedaban ata hai ben pouco testemuños materiais na bodega dalgunha das casas da rúa do Mar⁴, onde existía unha chamada, precisamente, “casa do sal”, afincada no mesmo valo costeiro. Só no caso de Noia temos constancia da existencia de instalacións específicas para “salgar e arengar” sardiña; estaban situadas fóra da vila, no campo chamado da Pena do Ouro e na denominada Laxe dos Cabaliños; a súa propiedade era do Mosteiro de San Martiño Pinario, que as aforaba. Segundo Elisa Ferreira, tratábase de auténticos complexos industriais, dotados da infraestrutura necesaria para o proceso de transformación do peixe.

Outra actividade transformadora pegada á pesca era a de elaboración do “saín”. Tratábase dun aceite obtido do prensado da sardiña, e máis especificamente das súas magas e cabezas. Recollida en toneis, comerciouse con el a longa distancia, malia que o seu consumo era fundamentalmente local. Usábase na industria pañeira, para a iluminación ou como lubrificante ou disolvente. En Combarro aínda se usou no século XX; segundo contan algúns veciños, mesturado cuns pos de “almagre”, empregábase para pinta-los hórreos de madeira; de aí lle vén a cor arrubiada (coma a da “patente” dos barcos) que presenta hoxe en día algún deles. A construción de cestería era outra actividade estreitamente vencelladas á pesca, exercida como

profesión libre ou en réxime de monopolio, concedido polo concello correspondente; en Vigo, por exemplo, había seis banastreiros en 1639. Outro tanto sucedía coa elaboración de redes e cordas. Os “cordoeiros”, como se coñecían en Pontevedra, eran os que traballaban o liño co que se elaboraban aqueles aparellos. Asociadas a esa elaboración estaban as fiandeiras e tecedoras, así como as atadeiras, dedicadas a repara-los aparellos. Aínda non se ten subliñado suficientemente, nestes traballos vencellados á actividade pesqueira a muller tivo historicamente un papel destacado. Por máis que se adoite falar de mariñeiros, o rostro humano do mar ten xénero masculino e feminino. Non é posible entender, desde unha perspectiva histórica, a vida dos portos pesqueiros galegos sen esa participación tan decisiva da muller en diversas das faenas complementarias á pesca propiamente dita, entre as que hai que incluír asemade os labores da salgadura e a venda do peixe para o fresco (como as regateiras). As mulleres continuaban, pois, na terra, o traballo dos homes no mar. Mesmo, ás veces, as mulleres facían non só traballos complementarios, senón que interviñan directamente na actividade extractiva. (Isto último durou moito, como eu mesmo puiden comprobar aínda nas décadas de 1960 e 1970, no porto pesqueiro de Combarro). No século XVI, constátase así mesmo a participación feminina en contratos de constitución de cercos como socias capitalistas; segundo Xosé M. Pereira (2000), era frecuente atopar na Pontevedra desa centuria mulleres achepando quíñóns de rede aos cercos, en ocasións ata unha décima parte dos aparellos.

Ademais dos oficios para vestir e calzar, outra das artesanías que inzou nas vilas costeiras foi a dos curtidos de peles. Unha actividade doméstica en moitos casos indiferenciada da agrogandeira, nos séculos XIV e XV foi introducíndose nos núcleos urbanos, ás veces da man dos carniceiros, como explicou José Armas (1992) para o caso de Pontevedra. Estes, xunto cos peleteiros, os correeiros e os zapateiros, participaban do proceso dos curtidos, desde as primeiras fases de elaboración ata o consumidor final. Os mercaderes non foron alleos á manufactura dos coiros, pois estes entraban habitualmente nas mercadorías cargadas nas naos con destino ao Mediterráneo (Barcelona, Valencia, Mallorca, Génova, etc.) e o Atlántico (Inglaterra, Flandes, etc.), así como nas partidas do comercio terrestre cara a Castela e Portugal. As ordenanzas de Pontevedra, Noia e Muros regula-

ban esta mercantilización dos coiros. Non é casual que sexa precisamente deses portos de onde máis coiros saían a fins do século XV, segundo as cifras que reconstruíu Elisa Ferreira (Cadro 2).

CADRO 2
COIROS GALEGOS DE BOI VENDIDOS EN VALENCIA,
1451 A 1500

	Pezas de coiro	%
Noia	2.517	32,8
Muros	1.911	24,9
Pontevedra	1.503	19,6
A Coruña	942	12,3
Cangas	533	6,9
Baiona	205	2,7
Redondela	46	0,6
Ferrol	22	0,3
Total	7.679	100,0
Orixe descoñecido	2.418	

FONTE: Ferreira (1988, p. 200). Elaboración propia.

NOTA: As cifras corresponden a seis anos (1451, 1459, 1488, 1491, 1494 e 1500).

Con todo, na Galicia moderna non agromou unha importante actividade manufactureira nas vilas costeiras; entre outras razóns porque pervivía unha industria rural doméstica, que coexistía co artesanado urbano, en ocasións procedente do mesmo contorno rural. Tamén debeu de influír a propia dimensión dos mercados, internos e externos, pois Galicia, aínda que inserida nos principais fluxos mercantís da época, era unha potencia marítima e comercial de segunda orde. Pola súa banda, as comunicacións entre vilas e centros de produción e consumo debían de ser un factor máis ben retardatorio para o desenvolvemento das manufacturas, por moito que non se diferenciases en exceso das doutras latitudes. Tamén puido influír a inexistencia dunha vila grande que artellase, como núcleo aglutinante, a meirande parte desas actividades mercantís e transformadoras. A forza de gravidade exercida por Santiago na vida galega non foi suficiente; ademais, segundo ten explicado Elisa Ferreira (1988), “a costa galega, como área económica, era acéfala, dispersa e heteroxénea”. Habería que pensar, así mesmo, na limitada capacidade inductora de cambios dos propios sectores expansivos (o viño e as salgaduras). Tamén nos particulares circuitos de distribución e acumulación da riqueza, en mans de señores que, coma os eclesiásticos, non participaban –nin ían participar– das

iniciativas empresariais. A propia decadencia económica da monarquía hispana do XVII pudo colaborar a estrangula-lo espírito de empresa que vemos agromar, aquí e alá, desde o século XIV ata o XVI. A atonía empresarial autóctona, no século XVII, non foi cousa exclusiva do antigo Reino de Galicia. O feito é, en calquera caso, que a sociedade galega se ruralizou e os comportamentos das clases directoras caeron de cheo niso que se ten chamado rendismo da sociedade señorial. Nesta, a renda da propiedade será a máxima aspiración, o signo que marcará o estatus e definirá o poder económico e social.

En efecto, o comercio extralocal entrou en decadencia desde os últimos anos do século XVI. Con eles os sectores de actividade que se proxectaran cara a fóra desde os séculos XIII e XIV. A máis importante desas partidas exportadoras foi o dos viños, ao menos ata o século XVI. Tódolos datos dispoñibles poñen de manifesto a importancia deste produto no comercio marítimo dos séculos XIII ao XVI. O arrendo das alcabalas en Pontevedra en 1459 revela que o 39 por 100 dos ingresos previstos proviñan do viño, a principal partida recadadora. Outro tanto sucedía en Viveiro; alí a “diezma” do viño (aplicada sobre as exportacións e importacións) representaba o 39 por 100 da recadación dos ramos de alcabalas en 1579-1584 e o 34 por 100 en 1613 e 1615. Tanto nos portos do norte (Viveiro ou Ribadeo) como nos da costa atlántico se constata a importancia dos viños, ben dos da terra ou dos viños de Ourense e Ribadavia (ribeiros) ou da comarca de Lemos. O mercado preferente dos viños de Galicia está nos portos do norte europeo, a diferenza do que sucede cos salgazóns: Viscaia, o litoral francés, Flandes e Inglaterra eran lugares frecuentes de destino. Os buques británicos que traían peregrinos voltaban cargados de viños galegos. Era precisamente a importancia desa exportación a que colaboraba a mantela importancia do cultivo de vides nas proximidades de Betanzos, Viveiro ou Ribadeo, en condicións de verdadeira marxinalidade ecolóxica. Non faltou tampouco a importación de viños, de Portugal ou da coroa de Aragón, tanto para o consumo local como para a reexportación. Os portos de *carga e descarga* funcionaban como centros de reexportación.

O segundo compoñente das exportacións galegas foi, na Baixa Idade Media, a dos peixes, secos ou, sobre todo, os salgados. No século XVI, a industria salgaeira nutriu un notable comercio de longo

radio, fundamentalmente cara ó sur da península e o Mediterráneo. O produto estrela –por máis específico– dos portos galegos era a sardiña salgada. Esta saía para Portugal, para Andalucía, para o Levante mediterráneo, para Italia e Francia, e tamén cara a Castela e os núcleos urbanos da Galicia interior. O baixo prezo daquela especie convertíaa nun compoñente importante da dieta das economías máis humildes. Pola súa parte, os preceptos da Igrexa prohibían comer carne durante un número elevado de días (ao menos 130): tódolos venres e sábados e mailo período de Advento e Coaresma. Polo tanto, a cultura relixiosa da época contribuía a aumenta-la demanda de peixe. A época dourada da exportación pesqueira comprobámola entre fins do século XIV e finais do século XVI. Tódolos portos participaban dela, pero a que destacará, nos séculos XV e XVI, será fundamentalmente Pontevedra. O peixe era o segundo compoñente do alcabalatorio desta vila en 1459; as cifras recadadas por ese concepto supoñían o 26 por 100 do total. No século XVI e primeiros do XVII (ata 1625), en Pontevedra o peixe foi (por diante do viño) a mercancía que máis pagou polas alcabalas: achegou entre un 35 e un 55 por 100 do total deste imposto (Pereira, 1997: 256). No caso de Viveiro, o peixe foi tamén –excluído o gravamen ao consumo de viño ao por menor– a segunda partida en importancia: o 11 por 100 do total en 1579-1584 e o 13 por 100 en 1613 e 1692. Ademais das sardiñas, nestas exportacións de peixe destacaban as pescadas e os congros secos e, en menor medida, os polbos e os abadexos. Entre as exportacións de produtos galegos destacaron así mesmo as de madeiras, importante a través dos portos de Pontevedra, A Coruña, Ribadeo, Viveiro ou Ortigueira, así como o citado coiro e o ferro, este último especialmente desde os portos lucenses.

A cambio das exportacións, o comercio galego de importación nutríase sobre todo de panos, principalmente os de factura británica, dos que a produción galega era deficitaria, por máis que tivese importancia a elaboración doméstica, especialmente a de liños. Os viños contralanceaban aquela importación de panos. Tampouco faltaron as importacións de ferros e quincallas, así como a de viños foráneos para reexportar, pero sempre en menor importancia, ou a de cereais (trigo), nos que, polo menos localmente e nalgunhas conxunturas, había un certo déficit, especialmente antes da revolución do millo.

Organización gremial da pesca

A pesca preséntase desde o século XII como unha actividade económica en boa medida urbana. Os mariñeiros das vilas constituían un grupo profesionalizado. Nos barrios de pescadores, neses burgos litorais, teñen o seu marco vital: as vivendas e as infraestructuras das que se serven para ir pescar e para realizar algún dos procesos destinados á conservación do peixe. Nas vilas estaba tamén o mercado local da pesca para o fresco. Eses mariñeiros urbanos víronse favorecidos cos beneficios establecidos nos *fueros* dos seus burgos respectivos. Así, por exemplo, sucedeu cos do porto de Pontevedra, aos que Alfonso IX concedeu en 1229 a exclusiva de *curar* peixe, e Fernando III, en 1238, outorgóulle-la exclusividade, compartida con Noia, para fabricar *graxa de saín*. Os *mareantes* recibiron así mesmo a protección dos monarcas ou dos seus señores inmediatos (arcebispos, abades, etc.) por medio doutros privilexios, concedidos especificamente a eses colectivos de mariñeiros urbanos. Aínda que non todo eran privilexios. Naquela sociedade feudal os campesiños debían contribuír aos seus señores con diversas prestacións, tributos e rendas anuais, en tanto que os traballadores do mar tamén estaban obrigados con varias imposicións: os décimos e as primicias do mar, os millares, os cambos, as alcabalas señoriais ou reais, a décima de exportacións e importacións, etc.

O mar formaba parte, en suma, do conxunto de relacións sociais e económicas feudais. E os grupos profesionalizados de mariñeiros das vilas con privilexios en torno á pesca, aos seus transformados e ao comercio formaron parte dese entremado de relacións sociais. Porque na sociedade da Idade Media, como despois da Moderna –en moitos aspectos unha prolongación da anterior–, non tódolos mariñeiros tiñan un mesmo grao de profesionalización (é dicir, de dedicación exclusiva á pesca), nin tampouco de organización e importancia socioeconómica. Os máis influentes eran os mariñeiros das vilas. Alí xurdiron as corporacións de mareantes capaces de influir na regulación da actividade extractiva, na da súa distribución e mesmo na das actividades complementarias á pesca (calafateado de barcos, elaboración e reparación de redes, etc.). Pero, ¿cándo e por qué naceron?

A pesca e os seus transformados constituíron, como se dixo, a base da puxanza dos núcleos vilegos costeiros entre o século XIII e o XVI. O comer-

cio a grande escala, mesmo internacional, xerou importantes fluxos de renda, que animaron e expandiron a vida destes burgos. A forza da demanda ampliada por ese comercio obrigou a organizar e perfecciona-la explotación dos recursos mariños. Tamén a mellora-la capacidade de resposta mercantil ante os sinais procedentes dos mercados. Este sería un dos factores –poderoso– que explica o xurdimento ou, cando menos, a necesidade de potencia-las asociacións gremiais das comunidades de mariñeiros, que en Galicia levan o nome de confrarías. Tratábase de participar dalgún xeito no proceso completo de extracción e comercialización, sen quedar nunha posición excesivamente subordinada respecto aos organizadores do tráfico comercial do peixe. Isto é o que farán os “mareantes” desde o século XIV, que é cando está documentada a aparición das confrarías no noso país.

Como explica Elisa Ferreira (1988 e 1998), os mareantes eran os pescadores especializados na captura de especies con valor comercial (a pesca-da, o congro e, sobre todo, a sardiña), e que mesmo participaban na súa comercialización. Son eles os que potenciarán as confrarías e se porán á fronte destes. A mellor coñecida, porque se conserva parte da súa documentación e tivo unha destacada importancia, é a chamada do Corpo Santo, de Pontevedra, estudiaa por Casto Sampedro, Xosé Filgueira ou Juan Juega e Xosé Fortes, máis recentemente. Pero non foi a única. A meirande parte dos burgos costeiros galegos tiveron a súa, sobre todo os que posuían –ou posuíron nalgún intre– dereito de *carga e descarga*, isto é, capacidade legal para comerciar co exterior. Así sucedeu na Coruña, en Betanzos ou en Muros, Noia, Cangas e Redondela.

Eses gremios de mareantes, normalmente das vilas máis importantes das rías, conseguían un importante control da actividade extractiva e daquelas outras derivadas desta (industria de salgazón e comercialización). O seu superior xerárquico era o señor do territorio: no caso de Pontevedra, o arcebispo de Santiago. Á súa fronte estaba un órgano de goberno colexiado: o dos *vigarios*, asistidos por un escribán, un tesoureiro e un procurador. As facultades (ou competencias) que posuía esa confraría eran de tipo administrativo e mesmo xudiciais e disciplinarias. Os regulamentos (as *ordenanzas*) destas organizacións privilexiadas eran o instrumento destinado a subordinar ao resto dos portos da ría aos dictados dos produtores do

porto principal. Para Galicia, o caso da Confraría de Mareantes de Pontevedra foi paradigmático da ambición, e dos logros, da organización corporativa da pesca na sociedade feudal. Nas súas ordenanzas do século XVI observamos cómo eran regulados, para toda a Ría, aspectos como as artes de pesca permitidas, os lugares en que cada unha podía pescar, os meses vedados, os puntos obrigados de venda e salgadura, as sancións aplicables aos infractores, etc. É dicir, o gremio exercía un práctico monopolio sobre a produción, a transformación e a comercialización dos recursos mariños, que afectaba a tódolas aldeas pesqueiras da ría. Os privilexios concedidos a uns eran prexuízos para outros. O caso non era único das rías galegas; na costa cantábrica o modelo é semellante, como se comproba a través das ordenanzas de pesca de San Pedro de Bermeo de 1352.

Esta vocación monopolística provocaba, naturalmente, repetidos preitos entre os portos limítrofes, que no caso da ría de Pontevedra están documentados a partir de finais do século XV. Os pontevedreses preitearon cos de Combarro, cos de Portonovo, cos de Marín e Bueu, así como cos de Cangas. Con estes últimos por cuestión de límites, ao estar en cuestión quen tiña xurisdicción sobre o control da pesca na coñecida polos mariñeiros como *boca* (ou enseada) de Aldán. Outro tanto sucedía na ría de Muros e Noia. Alí foron frecuentes os preitos entre os mariñeiros destas vilas e os do Porto do Son. Os de Noia querían, no século XVI, impoñer as súas ordenanzas na ría e limita-lo uso que, dos xeitos e rascos, facían os do Son; a contenda foi longa, pois iniciada en 1585 aínda en 1616 andaban a voltas con ela. Pola súa banda, os de Muros pretendían evitar que os do Porto do Son empregasen as volantas dentro da ría, e se ben se chegou a unha concordia en 1635, o conflito non esmoreceu totalmente. En suma que entre estes portos “a guerra era a vida porque a vida era a pesca”, como afirmou, tan plasticamente, o excelso Casto Sampedro (1998: 79). O fenómeno é chamativo, pero non excepcional. Este tipo de conflictividade é propia das economías tradicionais baseadas en recursos primarios –por definición agotables ou, coma na pesca, suxeitos a importantes fluctuacións–; nas zonas de montaña, a conflictividade asociada á explotación dos montes comunais foi frecuente, e equivale á que encontramos no noso medio litoral.

Isto non quere dicir, de tódolos xeitos, que todo fosen conflitos; tamén existían relacións de cola-

boración, así como tráficós de mercadorías entre uns e outros portos. Hai que ter en conta que, dentro das rías, había un activo comercio local –non alleo, claro está, ás conxunturas económicas–, e que o mercado da vila artellaba en certa forma a dinámica económica comarcal. Ademais, a xerarquía do predominio entre portos non sempre foi igual. As ordenanzas non eran inamovibles; de feito renovábanse cada certo tempo. Pontevedra, no século XVI, elaborou máis de media ducia: en 1523, 1531, 1535, 1552, 1554, 1552, 1562, 1568, 1577 e 1596.

En torno á confección das ordenanzas había intereses encontrados: estaban os do señor do porto principal –o arcebispo no caso de Pontevedra–, os das oligarquías dos concellos –non sempre ben avidos co arcebispo e cos mariñeiros–, e os dos mareantes propiamente ditos; tamén atopámo-las do resto dos portos afectados, que ás veces tiñan os seus señores respectivos –os de Combarro, nos abades do mosteiro beneditino de Poio; os de Marín, nos dos mosteiros de Oseira– e, por suposto, os intereses dos seus propios colectivos de mariñeiros. As fidelidades eran cambiantes, como tamén o eran as conxunturas e os custos e beneficios dunha determinada regulación. Así, por exemplo, cando se tratou de eludi-lo pagamento do décimo do mar, os mariñeiros de Combarro e Campelo non dubidaron en alegar que participaban no cerco da sardiña da Confraría de Pontevedra, e que por iso estaban exentos de decimar en Poio, algo que rexeitou a Audiencia da Coruña en 1575, obrigándoo a que lle pagasen cada sábado, ao mosteiro beneditino, o “diezmo de todo el pescado que cogieren”⁵. Tamén se negaban estes mariñeiros a formar cerco propio, en contra da pretensión do abade de Poio. Case cen anos antes, en 1489, os de Combarro preitearan cos mareantes de Pontevedra pola obrigación que as ordenanzas establecían de salgar, arencar e vende-la sardiña no porto da vila, e de armar nel cercos e sacadas; esa obriga quedou ratificada nunha concordia de 1491, pouco duradeira por certo, na que se lles concedía aos de Combarro realizar operacións para a conservación do peixe na propia aldea sempre que “salgasen y vendiesen para sus casas e para los vecinos del coto de San Juan de Poio e cercanos de la dicha tierra”⁶. En 1584 os de Combarro volvían litigar cos de Pontevedra, pola sanción que lles aplicaran estes por pescar sardiñas con sacada no mar que “se dice de Rajoo, Jurisdicción de la Lanzada, y en la demás mar comar-

cana”. Nese mar, argumentaban os primeiros, pescaran desde tempo inmemorial, e –alegaban– era un ben común e público, non suxeito, polo tanto, á xurisdicción da confraría de Pontevedra.

En definitiva, estes e outros exemplos móstrannos que, manténdose o fundamental (a regulación interventora a favor do porto principal), variaban as vantaxes –ou os límites e inconvenientes– para uns e outros sectores e actividades dos regulados polas ordenanzas de pesca. Esas variacións tiveron que ver, en certa forma, coa propia capacidade dos mareantes do porto principal para facer valedos seus puntos de vista.

Por outra banda, non en tódalas rías había esa xerarquía establecida por medio das ordenanzas. Na de Vilagarcía, por exemplo, na Idade Media a pesca era libre en toda a ría; a explicación estaría en que o porto con privilexio de *carga e descarga* era Padrón. Este porto, polas súas limitacións naturais, non tiña unha flota pesqueira de importancia. O resto dos portos da ría arousá, importantes na súa capacidade pesqueira (Rianxo, Vilanova, A Proba, Palmeira, O Grove, etc.), non tiñan, porén, capacidade para acoutar postas para a pesca, e menos para impoñerllas ao resto dos portos. É posible que tamén influíse nese feito a mesma configuración da ría, a máis ampla de todas.

Este marco institucional de organización gremial da pesca mantívose no esencial ata as primeiras décadas do século XVIII. As reformas regalistas dos Borbóns van removelos. A intención da monarquía de poñerse por riba, limitando os intereses xurisdiccionais dos señores, vai afectar a ese marco regulatorio. A creación da Matrícula de Mar, en 1748 sería unhas das pezas dese novo escenario. Pero, sobre el, volveremos nun epígrafe posterior.

A pesca (especies, artes e portos): importancia da sardiña

A pesca das idades Media e Moderna adoita asociarse á pesca de baixura, que normalmente é a feita desde as chamadas “entrepuntas” cara a adentro das rías. Tamén é frecuente asimila-la pesca destes séculos coa da sardiña, pola importancia que tiña esta especie nas capturas e no comercio. Con ser a máis importante, non era a única. A vida marítimo-pesqueira do Reino de Galicia presentaba unha fasquía indubidablemente máis diversificada, tanto no que se refire ás modalidades de pesca coma ao tipo de artes e de especies extraídas e comercializadas. Uns costumes de Santiago

de Compostela de 1133, recollidos na *Historia Compostelana*, mostran, por exemplo, a existencia dun vizoso mercado urbano de peixe, no que era posible atopar ollomoles, muxes, anguías, lagostas, polbos, pescadas (frescas ou salgadas), sardiñas, congros, lampreas ou ostras. Ese documento revela, así mesmo, a existencia, xa entón, dunha actividade comercial profesionalizada na compra e venda de peixes desde as vilas do litoral, feita por “mercaderes” de Santiago que salen “ás mariñas e aos portos a mercar calquera clase de peixe”. Outro tanto constatamos na Pontevedra do século XIII, a través dos fueros romanceados dados polo arcebispo Xoán Arias (1238-1266), que recolleu López Ferreiro no seu libro *Fueros municipales de Santiago y de su tierra*.

Polo tanto, existía unha diversificada pesca de baixura, xunto coa precitada –entón e agora– pesca fluvial. Froito desta modalidade de pesca eran as especies destinadas ao consumo para o fresco e outras que se chamarán especies “mercantes” polo seu valor comercial, tanto para o fresco coma para a conservación. Entre estas destacaban os congros (secos ou salgados), as pescadas, os polbos e tamén os abadexos, ademais, claro está, da sardiña. Os tipos de artes empregadas na pesca de baixura tiñan que ver, loxicamente, coas características das especies, coas posibilidades tecnolóxicas da época –derivadas dos materiais usados para a súa construción, do tamaño das embarcacións ou dos coñecementos dispoñibles–, así como coa capacidade económica dos propios mariñeiros. A xerarquía das redes vén dada tanto pola especie a capturar coma polas posibilidades materiais dos homes do mar. No básico encontramos catro tipos de aparellos: 1), os de carnada (liñas, rañas ou espinelis), destinados á extracción de polbos, congros, pescadas, fanecas, etc.: estamos ante aparellos accesibles ás capas máis modestas de mariñeiros; 2), as redes de enmalle: o xeito, do que consta o seu uso desde principios do século XV; o trasmallo, existente xa no século XIII; os rascos e rasquiños, para a pesca de raia, rodaballos, linguados, sollas ou outros peixes planos de fondo, documentados tamén para o século XV, e as volantas, empregadas para a pescada, os abadexos, as mielgas, etc.; 3), as redes de arrastre (sacada, chinchorro), adaptadas á pesca, entre outras especies, da sardiña; 4) as redes do cerco, entre a que sobresaé a traíña e, sobre todo, o *cerco real*, aparello central na pesca da sardiña nos séculos XV e XVI, como logo veremos.

Ademais desta pesca de baixura, temos constancia da existencia dunha pesca de altura e mesmo grande altura. Unha destas pesquerías era a de bacallaos nas costas do Atlántico norte, seguindo posiblemente os pasos de pescadores vascos. O desenvolvemento tecnolóxico das embarcacións e das artes, o descoñecemento dos mares, así como os custos de fretamento dos barcos, limitarían o alcance desta actividade; non podemos pensar, polo tanto, nunha actividade extendida nin de excesivo peso económico. O importante, en todo caso, é que se daba. A documentación notarial permite constata-la participación de mareantes de Pontevedra na pesca do bacallao en Terranova en 1518 e en 1578 e 1579. Esas datas, o suficientemente distantes, permiten polo menos sospeitar dunha certa continuidade nestas pesquerías. A carga deses mesmos barcos con madeira –igualmente documentada–, aproveitando os retornos, axudaría a mantela. No século XVI tamén se fretaron algúns barcos para augas da plataforma sahariana; de Pontevedra existen documentos, para 1523-1524, que nos deixan constancia do avituallamento dalgunha embarcación con destino a eses caladoiros. E outro tanto sucedeu coas augas do Gran Sol, polo menos desde finais do século XV.

Pola súa banda, na plataforma litoral de Galicia tamén tiña lugar a pesca de baleas. Xa no século XIII está documentada a presenza nas augas setentrionais do Reino de Galicia de pescadores cántabros dedicados á caza deste mamífero mariño. Existía así mesmo unha flota baleeira, moi localizada en portos da costa coruñesa e lucense. En 1550 escribía o Licenciado Molina, na tantas veces citada *Descripción de Galicia*, que, nos meses de decembro, xaneiro e febreiro, os mariñeiros de Malpica e Caión (A Coruña) e San Cibrán e Burela (Lugo) facían “gran matanza” de baleas. Delas extraían moitas “cántaras de aceyte”, que servía “para todo lo que aprovecha lo de los olivos, salvo por el comer”.

Non hai que esquencer, tampouco, o marisqueo dentro das rías. Na Galicia baixomedieval o marisco tiña pouca consideración social; exceptuadas as ostras e as lagostas, os restantes estaban excluídos das comidas requintadas. Hai que pensar no consumo popular, nos fogares mariñeiros –e nos das aldeas e lugares do litoral–, de moluscos de rocha, como o mexillón, e de area, coma os berberechos ou as ameixas. Cousa distinta será o que suceda nos séculos XVI e XVII. En 1607 sostiña o carde-

nal Jerónimo del Hoyo, referíndose a Cambados, que “solía haver tantas hostras y mexillones, ameixas y berberechos que venían de Portugal y de otras partes a cargar carabelas y otros barcos y en estos tiempos vienen de dos leguas a la redonda a cargar carros de todo esto fuera de las hostras”. Había, polo tanto, nesta época un mercado de moluscos dunha certa entidade. Ás que nunca lles faltaron os consumidores foron ás ostras. O do “ostreiro” sábese que era, polo menos desde o século XII, un oficio especializado no cultivo e comercialización das ostras, que extraían das ostreiras e llelas vendían por milleiros aos habitantes das vilas e aos mosteiros. O mosteiro de San Xoán de Caaveiro, por exemplo, mercaba ostras en Chanteiro, segundo consta nas contas do seu celareiro. Tratábase de ostras crúas; máis tarde, no XVI, aparecerán os escabechados, un dos modos de conservar mariscos e peixes.

As modalidades de conservación do peixe nas idades Media e Moderna (os transformados da pesca) eran, ademais da salgadura, os *escabeches*, o *curado* (peixe cecial ou seco) e o *afumado*. Estes elaborados producíanse normalmente no ámbito familiar, e –aínda que importantes– tiñan unha menor transcendencia económica coa salgadura, salvo cando existían restriccións na disposición de sal, algo non infrecuente na Alta Idade Media. Destinábanse para o uso doméstico e para os mercados. Precisamente, o que historicamente lle deu transcendencia económica á pesca non foi só a súa capacidade para garanti-la subsistencia das comunidades litorais que a practicaban, senón esa aludida comercialización de determinadas especies curadas, escabechadas, afumadas e salgadas. A mercantilización dos produtos do mar tivo –e ten– capacidade para xerar economías que afectan ao pulo das cidades e dos pequenos portos, que insiren a súa dinámica vital na dinámicas xerais, que crean a necesidade de especialistas no tráfico comercial, provocando procesos de acumulación de capital e de experiencia empresarial e que, en fin, unen os produtores cos consumidores de máis alá do seu horizonte físico e mental. Un conxunto de efectos que estaban implícitos nunha comunicación do bispo de Tui, dirixida a Felipe II en 1571. Nela daba conta da dimensión da vida do noso litoral, cando afirmaba que, no territorio da súa xurisdicción, os núcleos habitados da costa, “dende a vila da Garda ata Pontesampaio, son portos de mar, e os que alí viven mantéñense da pesca, navegación e trato do mar”⁷⁷.

A aparición do escabechado é máis tardía cá dos outros procedementos de conservación do peixe. Ao parecer, esta técnica difundíuse en Galicia desde principios do século XVI, procedente dos portos hanseáticos. Comparada coas restantes, a dos escabeches presentaba unha modesta relevancia mercantil. Empregouse para a sardiña e outros peixes azuis, e, sobre todo, para as ostras. Os escabeches destas preparábanse especialmente nos últimos meses do ano, para vender polo Nadal. Gozaban dunha particular fama as ostras de Rianxo, de Carril e de Boiro. Habíaas “en tanta abundancia –segundo o Licenciado Francisco Molina de Málaga–, que se cargan Navíos de ellas, y en escabeches se provee Castilla, y por la mar mucha parte de España”. Segundo Xosé Luis Laredo (1984: 43), os mariñeiros de Abanqueiro (Boiro) foron no tempo dos Austrias os principais fornecedores do *Escabeche real de Ostras*; estas enviábanse a Madrid en barcais de carballo para os xantares de Coresma da familia real. Bartolomé Molina, na súa *Descripción del Reyno de Galicia*, explicaba que en Carril “se cargan navios de ellas y en escabeche se provee Castilla y la mayor parte de España”. Tamén foron célebres os escabeches de Pontesampaio e Marín. Outras formas de consumo (as ostras crúas, fritidas en aceite e rebozadas con fariña ou sofritidas á vieira) son descritas con gracia por Cornide (1788: 151), quen advirte que “aunque de este modo se consumen muchas *Ostras* en la costa de Galicia, lo más regular es reducirlas a escabeches; por cuyo medio se conservan, y se pueden conducir, como se practica a largas distancias”.

As especies que se secaban eran o polbo, os congros, as raias, o abadexo e pescada. “El uso más común de su carne es en fresco o salpresa, cocida o frita –sostiña Cornide (1788: 21) referíndose á *pescada*–; pero el de más utilidad y ventaja para el público es salada y seca al aire, y así se vende en nuestros puertos, de los cuales se transporta a lo interior del país y de Castilla, no obstante el imperfecto modo con que se practica esta operación”. A técnica de *curado* era moi sinxela. Precísabase abrir e limpa-lo peixe, e unha boa exposición ao aire e ao sol. Para iso, en determinados espazos abertos dos pobos e vilas levantábanse *secadeiros*, que eran construcións simples feitas con catro, seis ou máis piares de madeira unidos entre si por travesas tamén de madeira, das que se colgaban os peixes. Os de Laxe ou de Muxía, destinados en boa medida ao congro, eran ata hai ben pouco espectaculares.

En canto á técnica do afumado, foi frecuente a sardiña; funcionaba como substituto da salgadura; por iso, a maior ou menor disposición de sal nos portos de mar tivo que influír no recurso a ese método de conservación. Neste caso, a sardiña (“arencada” ou “do fume”) pasábase, inicialmente, por unha salmoira, sometíase a un lixeiro prensado, e, á fin, colgábase nos fumeiros. Estes eran, normalmente, pequenas construcións sen chimenea. Nelas permanecían as sardiñas unha ou dúas semanas, expostas á acción do fume.

Nesta etapa histórica, dentro das especies pescadas e transformadas, a sardiña ocupaba o lugar máis destacado. A súa captura realizábase por medio de diversas artes: de arrastre (as sacadas, o trainón); de deriva (o xeito); e de cerco: a traíña e o famoso cerco real, que foi a máis importante polo seu volume de capturas.

O *cerco real* parece remontarse na súa orixe ao século XIII, aínda que non é ata o século XV cando aparece ben documentada a súa existencia. Trátase dunha *rede* de propiedade *colectiva*, en cuxa furnición ou montaxe tiña que ver o gremio de mariñeiros, polas súas grandes dimensións. O cerco real foi o aparello insignia das confrarías de mareantes no século XVI. Representou para a pesca –e posterior salgadura e comercialización– da sardiña neste século o que representará, no século XVIII, a xábega para as empresas salgadeiras e, no século XX, o cerco de *jareta* para as fábricas de conservas. Podemos afirmar, sen medo a equivocarnos, que o *cerco real* identifica, pois, un determinado período da historia pesqueira de Galicia.

A súa lonxitude era considerable. Agora ben, non había un tamaño estándar. Dependía das achegas de panos por parte dos socios. Todo fai indicar que o seu tamaño foi aumentando coa súa importancia económica, ao longo do século XVI, segundo ten documentado Xosé M. Pereira (2000: 734). Estímase que chegou a acadar 1.750 brazas de longo (algo máis de tres quilómetros e medio). Compoñíase de cope (150 brazas) e bandas (1.600 brazas). A estas uníanselles unhas cordas (*betas*) de 1.500 brazas, que tiñan como finalidade permiti-lo arrastre desde as praias. A súa altura era dunhas 24 brazas. A envergadura do aparello esixía un elevado número de homes e de barcos, e unha organización en forma de *compañía*. Boa parte do mariñeiros do porto principal –xeralmente os que posuían maiores recursos– eran asociados. O seu número variaba entre os 70 e os 120.

Cada un achegaba, como mínimo, un pano de rede (*quiñón*) para forma-lo cerco. Entre eles elixían a dous *atalaieiros*, que actuaban como máximos responsables da compañía e dirixían a actividade pesqueira propiamente dita. Resultaban ser normalmente os maiores accionistas, xa que subministraban o maior número de *quiñóns* de rede, o galeón ou trincado –que era o barco principal do cerco–, e incluso os fondos necesarios para afronta-los primeiros gastos de cada campaña. Polo tanto, no cerco os produtores e os propietarios dos medios de produción eran case que os mesmos, malia que non todos posuían en igual proporción.

A campaña pesqueira adoitaba durar desde mediados de setembro a fins de decembro. Existía unha relación entre o período de pesca da sardiña e o seu principal destino económico: a salgadura. Durante estes meses aquela perdera parte da súa graxa, o que falicitaba a súa transformación e conservación. A carne deste peixe é “sustanciosa, y crasa, especialmente en Julio, Agosto y Septiembre; por cuya razón no es tan buena para salar como en Octubre, y Noviembre, pues hallándose entonces dura, sufre la prensa, sin riesgo de reventar, que la perjudica”, segundo explicaba Cornide (1774: 10). O número de barcos que participaban nesta pesca oscilaba desde os doce aos dezaoto. O principal era o *trincado*, encargado de transporta-la rede, os materiais para a posible reparación daquela e as provisións dos homes. O resto da flotiña compoñíana un ou dous *barcos*, seis ou oito *pinazas* e de catro a seis *pirlos*. A pesquería duraba desde o luns ata a tarde do venres. Gardábase regularmente o descanso dominical. A pesca capturada durante eses días era trasladada ao porto polos *barcos* e as *pinazas*. O seu destino era a venda para o fresco ou a salgadura, realizada nas bodegas das propias vivendas dos mariñeiros, ou nalgunha dependencia específica para este comido. De feito, os cercos orixinaban o maior consumo de sal, derivado das súas maiores capturas; de aí o interese da Coroa por privilexiar esta arte de pesca, fonte de ingresos fiscais facilmente recadables.

O frecuente, nesta etapa, é que non haxa separación entre os axentes económicos que efectúan a pesca e os que a transforman. O reparto do produto da pesca efectuábase cada quince días (polo menos en Pontevedra). Do ingreso bruto deducíanse os gastos comúns. Do resto, cada compañía do cerco destinaba unha parte para as atencións

propias do gremio (relixiosas, asistenciais). O restante repartíase entre os partícipes das capturas. Cada mariñeiro recibía un *quiñón* por cada anaco de rede que achegaba ao cerco e polo seu propio traballo. Os propietarios das embarcacións utilizadas e o do galeón percibían tamén un ou varios *quiñóns* do total. Este tipo de remuneración coñécese co nome de *parcería do mar*. Tratábase da forma máis frecuente de reparto en tódalas *artes colectivas* da época, como as *sacadas*, as *traíñas* e os *chinchorros*, que eran tecnicamente redes de *arrastre*, dedicadas fundamentalmente á pesca da sardiña. A presenza das *sacadas* era importante na ría de Pontevedra no século XVI. Usábanas, entre outros, os mariñeiros de Combarro e de Portonovo. Foran un motivo de frecuente conflito. Os mareantes do cerco da vila de Pontevedra rexeitábanas, como prexudiciais para a pesca da sardiña, ao igual que rexeitaban os xeitos. Esta do xeito era unha arte de pesca que, a diferenza das *sacadas*—que collían sollas, linguados ou fanecas, entre outras especies—, estaba destinada en exclusiva á sardiña.

O xeito apareceu no século XIV, e parece ser que como arte *colectiva* (os mariñeiros organizaríanse en *compañías*). Pola contra, desde os séculos XVI ao XVIII evoluciona cara a un aparello de carácter *familiar*. O seu menor custo e as súas dimensións permitían que un mariñeiro individual puidese facerse con el e manexalo coa axuda de dous a catro homes máis. “Como esta especie de red es la de menos coste y la de más fácil uso, y de que puede servirse cada pescador separadamente, sin la sujeción y formalidades de las compañías, tiene entre los más la preferencia, pero no por eso—explicaba Cornide (1788: 211)— la *sardina* que cae en este aparejo es la más apreciada para las salazones, porque como malla por la cabeza y hace esfuerzos para desenredarse, siempre se muele y pierde parte de la escama, circunstancia opuesta a su buena conservación”. Proba dese carácter do xeito é que, ata épocas moi recentes—a década de 1960—, os xeiteiros constituían unha das capas modestas dos mariñeiros das rías galegas, que só coa diversificación da súa actividade extractiva—marisqueo a pé ou nas bateas, nasas, *etc.*— conseguen supera-los ingresos de práctica supervivencia que lles permite aquel aparello.

Desde o punto de vista técnico, o xeito é unha arte de *deriva* e *enmalle*, confeccionada, ao igual cás artes antes citadas, de liño galego ou cáñamo ruso ou lituano. Na actualidade, o xeito conserva toda a

súa vixencia na pesca de baixura, aínda que fabricado, claro está, de nailon; o prezo remunerador da sardiña, nos meses de verán, explica a subsistencia dunha arte tan antiga como arraigada.

Nos séculos XV e XVI, a do xeito estaba considerada polos mariñeiros do cerco como unha rede daniña e, polo tanto, as confrarías de mareantes das vilas principais das rías tiñana suxeita a un estricto control. Os lugares para a pesca con *xeito* estaban claramente delimitados, así como as épocas do ano en que podía usarse. Esa preocupación foi a máis coa proliferación dos mariñeiros do xeito na segunda metade do século XVI. No fondo daquela valoración negativa latexaba a loita pola captura dun mesmo recurso natural. Historicamente observamos cómo na costa galega, e probablemente en tódalas costas, algúns discursos supostamente conservacionistas encubrían intereses sectoriais e de clase. Neste caso que nos ocupa, o interese dos propietarios e socios dos cercos fronte ao dos modestos xeiteiros. Proba diso é que na segunda metade do século XVIII, cando os cercos case que desapareceran, ao *xeito* considerábanos como “el mejor y más útil instrumento, para pescar sardina, de cuantos hasta ahora se conocen”. Así o definía o artigo V da *Ordenanza de Pontevedra* de 1768, que regulaba a pesca na Provincia marítima deste nome⁸. quen coñeza algo do mar sabe perfectamente que o xeito é unha arte selectiva, que pesca en función do tamaño das *mallas*, e que lles resulta asequible aos mariñeiros máis modestos; polo tanto, a ningún minimamente informado se lle ocorrería afirmar que posúe un carácter depredador. Cando se redactara a *Ordenanza* de Pontevedra, mediado o século XVIII, a arte considerada prexudicial era a *xábega*, introducida nos anos cincuenta polos cataláns. Aquela *Ordenanza* fora un dos instrumentos da oposición social á introducción daquela arte nova nas costas galegas. Nese contexto, unha vez máis, o discurso conservacionista uníase á defensa de determinados intereses sociais. O que non quere dicir que a *xábega* non tivese certos efectos negativos para o ecosistema litoral.

No que se refire ás artes de pesca, o que sucedera desde o século XVI foi, en efecto, que os *cercos reais* entraran en crise, moi visible xa a principios do século XVII, ao mesmo tempo que o facían aqueles núcleos urbanos do litoral galego especializados na pesca, na salgadura e na actividade comercial. En 1577 só no porto de Pontevedra había catorce cercos, reducidos a doce en 1595;

para comezos do século XVII danse cifras que van dun a seis; en 1620 algúns documentos dan conta de que existe media ducia deles, cinco en Pontevedra e un en Marín. Para 1681 hai testemuñas de que se montaran dous cercos, en tanto que para 1689 se fala de que os cercos desapareceran da ría de Pontevedra; este era polo menos a información do Padre Sarmiento. En toda Galicia, cara a mediados do século XVIII había catorce cercos, deles só dous na ría de Pontevedra, e o resto nas rías de Corcubión, Fisterra e na Costa da Morte, según as cifras que aportaba Cornide na súa *Memoria sobre la pesca de la sardina*, de 1774⁹.

Con aquel esmorecemento, debilitáronse os potentes gremios de mareantes que tanto defendían os *cercos reais*. Esta debilidade manifestárase nunha perda progresiva de funcións. Tal é o caso da facultade que tiñan de aprobar por si mesmos unhas ordenanzas reguladoras da pesca e das actividades derivadas dela, que afectaban a tódolos mariñeiros dos restantes portos pesqueiros da ría. Son unhas funcións que pasan a asumir os concellos e xa no século XVIII as autoridades de mariña da monarquía.

Das vilas ás aldeas: desprazamento do protagonismo pesqueiro no século XVII

As vilas das rías perderon dinamismo económico e demográfico no transcurso do século XVII, tal e como vimos páxinas atrás. A poboación do litoral galego non evolucionou porén deste xeito. A difusión do millo, desde a segunda década desa centuria, vai ser un factor decisivo nese comportamento diferencial. A fins da década de 1630 o cultivo estaba plenamente integrado na xeografía agraria das rías galegas, como explica José Manuel García (1982 e 1991). Iniciábase entón o “ciclo do millo”, que permitirá unha dinámica progresión da demografía costeira galega, en contraposición á demografía da España interior ou á mediterránea, nas que son visibles os retrocesos da poboación. En 1591, as provincias litorais de Galicia tiñan unha densidade de poboación de 21 habitantes/km², fronte aos 22 da Galicia interior; a mediados do século XVIII, pola contra, as densidades humanas serán de 56 e 33 habitantes/km², respectivamente. As series bautismais das comarcas costeiras manifestan unha evolución positiva dos nacementos, e un intenso incremento poboacional na segunda metade do século XVII. Crecemento, pois, da poboación costeira, aínda que retroceso dos habitantes das vizosas vilas principais pes-

queiras e comerciais do século XVI. Pontevedra é, probablemente, o caso máis salientable. En 1571 contabilizaba 1.800 veciños, en tanto que un “arruamiento de vecinos” de 1689 rexistraba 1.227, segundo Fortes Bouzán (1986: 132). Outro tanto sucedeu con Vigo. Entre 1570-1590 a vila olívica tiña entre 800 e 900 veciños, cara a 1639-1645 posuía entre 500 e 600, unha cifra –algo máis de 500 veciños– que daban os “compartos municipais” para 1670-1673, en tanto que un “arruamiento” de 1728 rexistraba unha cifra de tan só 331 veciños, segundo Juan Miguel González (1999: 180-183). Eses casos non era únicos, non obstante. Como ten demostrado Pegerto Saavedra, as vilas interiores medraron máis que as costeiras e, en xeral, o fenómeno urbano perdeu vigor en Galicia. O peso da poboación urbana de Galicia en 1750 era relativamente menor que o que tiña no último tercio do século XVI.

¿Por qué se produciu este devalar demográfico das vilas costeiras, paradoxalmente cando o contorno rural destas vía medra-los seus efectivos demográficos? Habería que pensar na concorrencia de varios feitos. Un deles, o desprazamento da poboación das vilas cara ós pobos limítrofes. Agora ben, esta é unha causa do despoboamento, ademais dun síntoma doutros procesos máis profundos. Un deses procesos sería o aumento da presión fiscal sobre as cidades, derivado do elevado custo económico por mante-la hexemonía imperial e a cohesión territorial –e mesmo a integridade– da unidade dinástica na península durante o conflictivo século XVII. As guerras repercutiron, en segundo lugar, negativamente sobre as cidades; no caso de Galicia, particularmente a guerra de Portugal, a partir de 1640: leva de homes, impostos extraordinarios, estrangulamento dos normais fluxos comerciais serían algunhas das consecuencias. En terceiro lugar hai que salienta-la caída da actividade comercial durante esta centuria, parella á recesión da actividade industrial e á caída da poboación, tanto na coroa de Castela coma na de Aragón, productu dunha crise múltiple na que foron frecuentes os andazos epidémicos (1589-1591, 1596-1602, 1629-1631, 1648-1654, 1694). A mortandade catastrófica sumouse á emigración cara a América e á expulsión dos moriscos en 1609-1614. Estímase que a poboación española caeu, entre principios e fins do século XVII, aproximadamente un 25 por 100. Este devalo foi maior nas vilas industriais da Meseta. Entre 1591 e 1646, Burgos pasou de ter uns 13.000 habi-

tantes a 3.000, Toledo de case 55.000 pasou a 25.000 e Valladolid perdeu case dúas terceiras partes dos seus habitantes, pois pasou duns 40.500 a 15.000.

A recesión económica tivo que ver, así mesmo, coa inestabilidade monetaria, á súa vez explicada polo déficit nos orzamentos da monarquía. Éste déficit obrigou aos recursos extraordinarios (entre os que se incluían, entón, os impostos votados en Cortes), ao endebeamento e, como aínda así os fondos foron insuficientes, recorreuse ao que se chama a monetización do déficit: emisión de moeda ou alteración do seu valor (a “inflación do vellón”). Este mecanismo permitía obter liquidez á Facenda, a cambio de empuxa-los prezos ao alza. Cando os aumentos de prezos foron excesivos, devaluábase a moeda, reducindo o seu valor nominal. As consecuencias desas manipulacións monetarias eran tremendamente lesivas para os consumidores e para os produtores e comerciantes. A incertidume apoderouse dos axentes económicos, ao tempo que caía o número de consumidores (pola crise demográfica) e aumentaban os custos de produción e a presión fiscal. Menos mercado interno, pero tamén menos mercado externo. As exportacións cara a América caeron polo autoabastecemento das colonias e o contrabando; tamén o fixeron as exportacións cara a Europa. O diferencial de custos de produción sería un dos factores explicativos, xunto ao ciclo de guerras da monarquía imperial española. O déficit comercial foi un dos signos distintivos da centuria. Ademais, como cesaron os fluxos de metais preciosos de América nas décadas centrais do século XVII, diminuíu a capacidade de financiamento das compras no exterior. Polo tanto, coexistiron o déficit público e o déficit exterior. Foi ese o caldo de cultivo para o florecemento dos prestamistas, dos comerciantes e mesmo de industriais estranxeiros nos territorios peninsulares da monarquía española.

A actividade pesqueira e as actividades artesanais e mercantís das cidades galegas, nas que se incluía, como vimos, a exportación de peixe entre as máis salientables, tívose que ver indubidablemente influída por ese contorno xeral de inestabilidade e decadencia económica. É un erro tratar de explica-la decadencia das vilas costeiras galegas só en clave interna –como se fixo para o caso de Pontevedra–, ou tan só desde o lado da oferta. Tampouco se debería insistir moito na incapacidade propia. É innegable que houbo factores que afectaron á produción marítimo-pesqueira nestas

vilas; un deles, e non menor, debeu de estar nas intermitencias no subministro de sal, pola caída da produción a raíz dos cambios climáticos habidos entre fins do século XVI e as primeiras décadas do XVII, e polos estrangulamentos no seu subministro, debido ás guerras. Sobre o sal tamén debeu influí-lo seu estanco e o seu encarecemento, en parte pola inflación da época, en parte tamén polo crecemento de impostos soportados por aquela materia prima, por máis que nalgún intre se fixase un prezo especial para o sal destinado ás salgaduras de peixe. Agora ben, para comprender aquela decadencia debemos ollar así mesmo ao lado da demanda de produtos marítimo-pesqueiros. Hai que ter en conta, por exemplo, que o Levante peninsular pasou por serias dificultades nas primeiras décadas do século XVII; e alí, como sabemos, as nosas salgaduras tiñan un importante mercado. A guerra de Cataluña, a partir de 1640, tamén debeu de influír de xeito salientable. O peixe salgado –ou seco– é un ben de consumo, sensible polo tanto á cantidade de consumidores e á súa renda. O empobrecemento daquel país, sen dúbida lle afectou á demanda dos nosos peixes “mercantes”. Como lle debeu de afectar, así mesmo, a aparición de peixe nórdico ou británico nestas terras, ao longo desta centuria.

Sevilla, outro dos centros de consumo importantes, perdeu poboación, e o mesmo sucedeu nas cidades castelás, como vimos. Na Coroa de Castela, e máis tarde en Portugal –a partir de 1640–, produciuse igualmente unha contracción dos nosos mercados. Isto non quere dicir que a comercialización do peixe salgado ou seco desaparecese totalmente no século XVII. Non. Pero todo parece indicar que cada vez se fixo máis difícil, por máis que os estudos dispoñibles para esta centuria sexan moi fragmentarios, e non permitan afirmacións concluíntes. De principios deste século, temos constancia do comercio de peixe salgado cara ó interior. Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar, que fora negociador da paz angloespañola en 1604, deixounos testemuño del e dalgunhas das súas dificultades: “Parece convenientísimo –afirmaba– quitar en España todas las aduanas de tierra firme, y lo que montan los derechos crecerlo en los puertos de mar, donde lo contribuirán los forasteros y no los naturales, que son los que trafican tierra adentro; y con esto podrían comerciar y tratar sin los impedimentos que hoy tienen; porque *una carga de sardina que parta de Galicia a Valladolid* topa en medio de la tierra

siete u ocho aduanas que la embarazan y detienen, haciéndose pagar diferentes tributos, y en las demás mercaderías pasa otro tanto”. Un prexuízo, o da presión fiscal interior, remarcaba o conde de Gondomar, que ía en beneficio dos produtores e comerciantes estranxeiros.

Tamén temos constancia da existencia dun comercio de sardiña salgada cara a Portugal, desde Galicia, nas tres primeiras décadas do século XVII. Segundo algunhas cifras que puido reconstruír Juan Juega (1996c: 251-252), nese comercio devalaba a vila de Pontevedra, mentres gañaban posicións Vigo, Cangas, Portonovo ou mesmo Cam- bados. En definitiva, estíbese a producir o que parece unha certa mutación da xeografía portuaria exportadora. Algo que parece acrecentarse a medida que avanza o século e a medida que a presión da Facenda se fai máis intensa sobre as vilas mercantís ata entón máis importantes. Os munícipes de Vigo, por exemplo, queixábanse en 1669 de que “los mareantes de esta villa salen con sus chalupas a comprar sardina que los pescadores pescan en la ría, dejándola sin sustento y llevándola a Portugal”. Mercaban, polo tanto, aos de Cangas, Redondela e outros lugares da ría, para a súa exportación, co fin de eludirlas pesadas cargas fiscais de Vigo, segundo Juan Miguel González (1999: 213).

Os mariñeiros deses portos –nalgúns casos menores ata entón– tiñan nas sacadas e, sobre todo, nos xeitos o seu medio principal para a pesca da sardiña. Polo tanto, que os cercos practicamente desaparecesen, e que a actividade marítimo-pesqueira e portuaria dalgúns das cidades costeiras principais no século XVI, coma Pontevedra, entrase en crise xa a principios do XVII, non quere dicir que as capturas se reduciran en igual medida, nin que tódolas artes e tódolos portos das rías experimentasen igual recesión. Algúns estudos locais, como o de José Manuel Pérez García (1979: 241 e ss.) para a Xurisdicción da Lanzada, demostrannos que ata mediados do século XVII asistimos a un período de capturas “brillante”. Este é o caso dos portos do Grove e de Portonovo, nos que –segundo as cifras dos décimos do mar– as capturas só a partir daquela entraron nunha fase de decadencia e estancamento ata aproximadamente os anos setenta do século XVIII. É posible que esta atonía pesqueira non sexa un fenómeno xeralizado a toda a costa galega; en todo caso, algúns síntomas de recuperación da pesca e da súa comercialización son visibles desde a década de 1740, como explicaremos nun dos epígrafes posteriores.

O que de tódolos xeitos parece producirse no século XVII, polo menos nalgúns rías como na de Pontevedra, é un dezprazamento do protagonismo pesqueiro, que pasou a outros portos menores. Xa vimos como algúns dos testemuños documentais apuntan neste senso sinalado; un indicador coma o da evolución demográfica revela un retroceso do porto principal e un incremento da poboación naqueles, ata entón, modestas aldeas mariñeiras. Así sucedeu nos citados do Grove e Portonovo ou en Sanxenxo. Tal é o caso, tamén, de Combarro, que con Portonovo, Sanxenxo e Marín, figurou historicamente como un porto relevante na ría de Pontevedra, segundo se desprende da cartografía feita en Amberes, Amsterdam e Londres nos séculos XVI, XVII e principios do XVIII¹⁰. Entre o XVII e o XVIII Portonovo e Combarro pasaron a ocupar, en certa medida, a anterior hexemonía de Pontevedra, ao menos na pesca da sardiña. Os datos de Cornide indican que, en 1774, os mariñeiros de Combarro capturaban case a metade da sardiña de toda a ría (70 mil millares de 157 mil).

Do mesmo xeito que sucedeu coa pesca, tampouco desapareceu a actividade de salgadura dedicada á comercialización; pero, os datos fragmentarios parecen amosar que se entrou nunha fase contractiva, como dixemos máis arriba. O tráfico local ou, en todo caso, cara ó interior, debeu de ser máis importante que as vendas ao exterior. O crecemento poboacional das rías galegas desde o primeiro tercio do século XVII tivo que propiciar un mercado nada desprezable para os produtos do mar. Desde principios do século XVII debeu de haber, pois, unha certa mutación na xeografía da pesca, unha mudanza de protagonistas (dos titulares de cercos aos mariñeiros dos xeitos), así como das artes de pesca. Esas transformacións estiveron asociadas aos grandes cambios na contía –e na xeografía– dos intercambios comerciais, dentro e fóra do territorio peninsular. Todo parece indicar que a pesca, antes da expansión do século XVIII, perdeu en comercialización extrarrexional gañando en autoconsumo e mercado no interior do Reino de Galicia.

Só mediado o século XVIII volve ser inequívoco o novo auxe exportador. Segundo Cornide, na década de 1760 saían da provincia marítima de Pontevedra máis de cen barcos anuais cargados de sardiña salgada con destino a Portugal; agora ben, esta data corresponde xa a outro período, de manifesta expansión económica e marítima, que trataremos na seguinte entrega desta *Historia da Pesca en Galicia*.

NOTAS

1. Agradezo ao meu amigo Luís Vadillo, de *Entorno, Estudios Medio Ambientales*, que me fixera tal proposta.
2. Son diversas, como se verá na bibliografía. Entre elas cómpre subliñar a *Historia da pesca en Galicia*, coordinada por Carmen Fernández Casanova (1998), que abarca ata o primeiro tercio do século XX.
3. A poboación, nese vecindario de 1571 estaba infrarexistrada; en todo caso, a xerarquía das vilas debía de ser a que mostran as súas cifras.
4. Así o puiden ver na casa da veciña coñecida como Pilara a Codela.
5. Archivo Histórico Nacional, Clero, Leg. 5642.
6. Museo de Pontevedra, Colección Sampedro, Caixa 83/15.
7. Citado en Carmen González (1980) e Luis Obelleiro (1994, p. 71).
8. Publicada, en edición fásimil, hai uns poucos anos por Francisco López Capont (1995).
9. As cifras tómoas de Joseph Cornide (1774, p. 151), Xosé Fortes (1986, p. 124), Juan Juega (1998, pp. 24-27) e Xosé M. Pereira (2000, pp. 734-735).
10. Véxase a *Cartografía Histórica de Galicia (Séculos XVI ao XIX)*. Colección *Puertas-Mosquera*, con texto e catalogación de Gonzalo Méndez (2000).

BIBLIOGRAFÍA

Este artigo é debedor dunha nómina de autores e traballos relativamente extensa que figuran liñas máis abaixo. Dado o seu carácter divulgativo e de síntese non era cuestión de empregar aquí un sistema detallado de notas. Fun facendo referencia, aquí e alá, a aqueles especialistas con achegas máis directamente relacionadas coa Galicia marítimo-pesqueira. Neste senso quero deixar constancia das especiais débedas que estas liñas teñen coa solvente contribución de José Manuel Vázquez Varela e Antonio de la Peña Santos, para a Prehistoria e a Historia Antiga, de Juan Naveiro López, especificamente para a Gallaecia romana, das excelentes monografías e artigos de José Armas Castro, María del Carmen Pallares, Ermelindo Portela e do monumental traballo de Elisa Ferreira, para a Idade Media, así como das investigacións de Pegerto Saavedra, José Manuel Pérez García, Casto Sampedro e Xosé Filgueira Valverde ou Juan Juega para a Idade Moderna, ata principios do século XVIII, que é onde acaba a primeira parte desta *Historia da Pesca en Galicia*. As obras consultadas, destes e dos outros autores e autoras, cítanse a continuación.

XERAL

- De la Peña Santos, Antonio; Juega Puig, Juan e López de Guereño, Luis** (1996), *Historia de Pontevedra*, A Coruña, Vía Láctea.
- De la Peña Santos, Antonio; Sánchez Bargiela, Raquel; González Fernández, Juan Miguel e Rodríguez Teijeiro, Domingo** (1999), *Historia de Vigo*, A Coruña, Vía Láctea.
- Eiroa del Río, Francisco** (1986), *La pesca artesanal en Galicia*, Coruña, Edición do Castro.
- Eiroa del Río, Francisco** (1997), *Historia y desarrollo de la pesca de arrastre en Galicia*, A Coruña, Deputación Provincial.
- Fernández Casanova, Carmen** (Coord.) (1998), *Historia da pesca en Galicia*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
- Labarta, Uxío** (1978), *A pesca galega e a súa investigación*, Coruña, Edición do Rueiro.
- Labarta, Uxío** (1985), *A Galicia Mariñeira*, Vigo, Galaxia.
- Lorenzo, Xaquín** (1982), *O Mar e os Ríos*, Vigo, Galaxia.
- Massó, José María** (1992), *Barcos en Galicia. De la Prehistoria hasta hoy y del Miño al Finisterre*, Pontevedra, Deputación Provincial.
- Méndez Martínez, Gonzalo** (Catalogación) (2000), *Cartografía Histórica de Galicia (Séculos XVI ao XIX)*. Colección Puertas-Mosquera, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.

- Villares, Ramón** (1984), *A Historia*, Vigo, Galaxia.
- Villares, Ramón** (Dir.) (1991), *Historia de Galicia*, tomos 1-3, Vigo, Faro de Vigo.

PREHISTORIA E HISTORIA ANTIGA

- Acuña Castroviejo, Fernando e Calo Lourido, Francisco** (1974), "Cultura castreña", en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 8, pp. 97-104.
- Bello Diéguez, J. M., Criado Boado, F. y Vázquez Varela, J. M.** (1987), *La cultura megalítica de la provincia de La Coruña y sus relaciones con el marco natural: Implicaciones socioeconómicas*, A Coruña, Deputación Provincial.
- Bermejo Barrera, José Carlos** (1978), *La sociedad en la Galicia castreña*, Santiago, Follas Novas.
- Bermejo Barrera, José Carlos** (1982), "Edad Antigua", en VV.AA., *Historia de Galicia*, Madrid, Alhambra.
- De la Peña Santos, Antonio** (1999), "A perspectiva actual sobre as orixes da cidade", en A. de la Peña, R. Sánchez, M. González e D. Rodríguez, pp. 43-85.
- Hidalgo Cuñarro, Xosé Manuel** (1986), *Vigo arqueolóxico. Da Prehistoria á Romanización*, Vigo, Concello de Vigo.
- Hidalgo Cuñarro, Xosé Manuel** (1993), "Nuevas aportaciones sobre el Vigo romano", en *Galicia: da romanización á xermanización*, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, pp. 227-240.

- López Alsina, Fernando** (1987), "La formación de los núcleos urbanos de la fachada atlántica del señorío de la Iglesia de Santiago de Compostela en el siglo XII: Padrón, Noya y Pontevedra", *Tubilatio*, I, *Homenaxe a M. Lucas e A. Rodríguez González*, Santiago de Compostela, Universidade, pp. 107-117.
- López Cuevillas, Florentino** (1973), "Prehistoria", en Ramón Otero Pedrayo (dir.), *Historia de Galiza*, vol. III, Buenos Aires, Nós.
- Naveiro López, Juan** (1991), *El comercio antiguo en el NW peninsular*, Coruña, Museu Arqueolóxico.
- Naveiro López, Juan e Pérez Losada, Fermín** (1992), "Un finisterre atlántico en época romana: la costa Galaica (NW de la Península Ibérica)", en A. M. Wood e F.M.V.R. Queiroga (Eds.), *Current Research on the Romanization of the Western Provinces*, B.A.R. (Int. Series), 575. Oxford, pp. 63-90.
- Pereira Menaut, Gerardo** (ed.) (1983), *Estudos de cultura castrexa e Historia Antiga de Galicia*, Santiago, Universidade de Santiago.
- Rodríguez Colmenero, Antonio** (1991), "Galicia romana (I) e (II)", en R. Villares (dir.), pp. 101-140.
- Romero Masía, Ana María** (1976), *El Hábitat castreño*, Santiago, COAG.
- Vázquez Varela, José Manuel** (1975a), "El conchero del castro de Queiruga (La Coruña)", *Boletín del Seminario de Arte y Arqueología*, XL-XLI, pp. 500-503.
- Vázquez Varela, José Manuel** (1975b), "Estudio del conchero protohistórico de las islas Cíes", *AIJMACH*, vol. I, *Prehistoria e Historia Antigua*.
- Vázquez Varela, José Manuel** (1974), "Paleolítico", en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 23, pp. 236-238.
- Vázquez Varela, José Manuel** (1979), "La pesca en la Cultura Castreña de Galicia", *Braña*, 2, pp. 79-89.
- Vázquez Varela, José Manuel** (1980), *Las raíces de Galicia*, Santiago, Sálvora.
- Vázquez Varela, José Manuel** (1982), "Prehistoria", en VVAA., *Historia de Galicia*, Madrid, Alhambra, pp. 1-25.
- Vázquez Varela, José Manuel** (1988a), "El marisqueo en los castros de las rías gallegas", *Coloquios de Etnografía marítima*, Santiago, Meuso do Pobo Galego-Xunta de Galicia, pp. 209-218.
- Vázquez Varela, José Manuel** (1988b), "El Neolítico en Galicia", en P. López (Coordinadora), *El Neolítico en España*, Madrid, Cátedra.
- Vázquez Varela, José Manuel** (1991), "El Paleolítico. Los primeros asentamientos humanos y la aparición de la agricultura", en R. Villares (dir.), pp. 41-60.
- Vázquez Varela, José Manuel** (1991), "Megalitismo y Edad del Bronce", en R. Villares (dir.), pp. 61-80.
- Vázquez Varela, José Manuel e Bermejo Barrera, José Carlos** (1991), "La cultura castreña", en R. Villares (dir.), pp. 81-100.
- Vázquez Varela, José Manuel** (1998), "O aproveitamento dos recursos mariños na Prehistoria e a antigüidade de Galicia", en Carmén Fernández (Coord.), pp. 13-49.
- IDADES MEDIA E MODERNA
- Armas Castro, José** (1992), *Pontevedra en los siglos XII a XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera en la Galicia medieval*, Pontevedra, Fundación Barrié de la Maza.
- Barreiro Barral, José** (1989), *Historia de Porto do Son y su distrito*, A Coruña, Deputación Provincial.
- Cornide, Josef** (1774), *Memoria sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia*, Madrid, D. Joaquín Ibarra Impresor.
- Cornide, Joseph** (1788), *Ensayo de una historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia*, Edición facsimil de 1983, Sada, Edición do Castro.
- Fernández Cortizo, Camilo** (1991), "La población de Galicia en los siglos XVI-XVIII", en R. Villares (Dir.), pp. 537-556.
- Ferreira Priegue, Elisa** (1988), *Galicia en el comercio marítimo medieval*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- Ferreira Priegue, Elisa** (1991), "Galicia en las rutas del comercio medieval", en R. Villares (Dir.), pp. 425-440.
- Ferreira Priegue, Elisa** (1998), "O desenvolvemento da actividade pesqueira desde a Alta Idade Media ó século XVII", en C. Fernández (Coord.), pp. 51-86.
- Filgueira Valverde, José** (1945), *Archivo de Mareantes*, Pontevedra, Museo de Pontevedra.
- Fortes Bouzán, Xosé** (1986), *La Ría de Pontevedra*, Pontevedra, Junta del Puerto y Ría de Pontevedra.
- García Sarmiento, Francisco Xavier** (1995), *1767. Ordenanza de pesca que se debe observar en todos los Puertos y Rías de la Provincia de Pontevedra*, Pontevedra, Caixa de Pontevedra.
- González Fernández, Juan Miguel** (1999), "Vigo na Idade Moderna", en A. de la Peña, R. Sánchez, J. M. González e D. Rodríguez, pp. 173-258.
- González Muñoz, Carmen** (1980), *Vigo y su comarca XVI-XVII*, Vigo, Caixavigo.
- Juega Puig, Juan** (1992), "Pontevedra en la Edad Moderna", *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciais*, 8-9, pp. 411-416.
- Juega Puig, Juan** (1998), "Prólogo", en C. Sampedro, pp. 5-30.
- Juega Puig, Juan** (1996a), "As orixes medievais de Pontevedra", en A. de la Peña, J. Juega e L. López, pp. 69-96.
- Juega Puig, Juan** (1996b), "Pontevedra na Baixa Idade Media", en A. de la Peña, J. Juega e L. López, pp. 99-131.
- Juega Puig, Juan** (1996c), "Pontevedra na Idade Moderna", en A. de la Peña, J. Juega e L. López, pp. 133-259.
- Laredo Verdejo, Xosé Luis** (1984), *Galicia Enteira, 2, Rías Baixas do Norte*, Vigo, Xerais de Galicia.
- López Capont, Francisco** (1995), "La vida de Francisco Xavier García Sarmiento", en F. X. García Sarmiento, *1767 Ordenanza de pesca que se debe observar en todos los Puertos y Rías de la Provincia de Pontevedra*, Pontevedra, Caixa de Pontevedra, pp. 7-60.

- Mariño del Río, Manuel** (1996), *A industria derivada da pesca no Concello de Porto do Son. As salgadeiras (1774-1934)*, Noia, Toxosoutos.
- Obelleiro Piñón, Luis** (1994), *Soutomaior 1700-1936. Aproximación á historia local*, Pontevedra, Deputación Provincial.
- Pallares, M^a del Carmen e Portela, Ermelindo** (1982), "Edad Media", en VV. AA., pp. 63-139.
- Pallares Méndez, M^a del Carmen** (1991), "Campos y ciudades en los siglos XII y XIII. Las ciudades y la sociedad feudal", en R. Villares (Dir.), pp. 269-288.
- Pereira Fernández, Xosé M.** (1997), "Pontevedra en el siglo XVI. Contribución al estudio de la historia urbana de Galicia", *Obradoiro de Historia Moderna*, 6, pp. 239-262.
- Pereira Fernández, Xosé M.** (2000), "La pesca en el S. XVI. El esplendor de Pontevedra", en VV.AA., *Historias de las Rías*, Capítulo 46, Vigo, Faro de Vigo, pp. 729-744.
- Pérez García, José Manuel** (1979), *Un modelo de sociedad rural de Antiguo Régimen en la Galicia costera: la Península del Salnés (Jurisdicción de La Lanzada)*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago.
- Pérez García, José Manuel** (1982), "Edad Moderna", en VV. AA., *Historia de Galicia*, Madrid, Alhambra, pp. 143-224.
- Pérez García, José Manuel** (1991), "La agricultura gallega del Antiguo Régimen (1480-1830)", en R. Villares (Dir.), pp. 557-576.
- Portela Silva, Ermelindo** (1991), "Galicia en tiempos de Diego Gelmírez. La formación del reino de Portugal", en R. Villares (Dir.), pp. 253-268.
- Portela Silva, Ermelindo** (1991), "Historial social de los siglos XII y XIII. Monjes, caballeros y campesinos", en R. Villares (Dir.), pp. 289-308.
- Rey Caiña, Ángel** (1992), "Pontevedra medieval", *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciais*, 8-9, pp. 403-409.
- Romaní, Arturo** (1981), *La pesca de bajura en Galicia*, A Coruña, Edición do Castro.
- Romaní, Arturo** (1991), *A revolución tecnolóxica na industria salgadeira de Galicia*, Vigo, Unipro.
- Saavedra Fernández, Pegerto** (1985), *Economía, Política y Sociedad en Galicia: La provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Madrid, Xunta de Galicia.
- Saavedra Fernández, Pegerto** (1991), "Las reformas de los Reyes Católicos y los comienzos de la Edad Moderna", en R. Villares (Dir.), pp. 461-480.
- Sampedra Folgar, Casto** (1998), *Ordenanzas da Confraría do "Corpo Santo" e do Gremio de Marentes de Pontevedra*, A Coruña, Via Láctea.
- Vázquez Rouco, Sergio** (1998), *San Xoán de Poio. Monasterio, coto, parroquia*, Pontevedra, Deputación Provincial.